

## guitiriz

A Deputación achega máis de 90.000 euros para obras e servizos. **Páx. 12**

## castro de rei

O concello acondiciona a Fonte de Prado e as vías da parcelaria nas parroquias. **Páx. 14**

## muras

Dimite o socialista Mario Rouco como secretario do PSOE e o Pleno volve bloquearse. **Páx. 16**

## rábade

O IES Río Miño acada a mellor nota media de Galicia na ABAU. **Páx. 21**

## riotorto

Entra en funcionamento a planta de transferencia, que abastece a varios concellos. **Páx. 23**

## Compromisos de xullo

Varias localidades convocan eventos de gran tradición e outros máis novidosos que ano a ano reúnen moito público e animan o verán



**outeiro de Rei.** Iniciarase o mes cunha nova edición da Feira de Artesanía.

**abadín.** A Festa do Motor e o Festival Rumboia Viva, un revulsivo para a vila.

**guitiriz.** Convocada a Feira dos Callos e a Cantería, así como o Festival de Pardiñas.

## O estudo sobre a Pravia reaviva a polémica

A conclusión estima a necesidade de volver cambiar o sentido da vía, en contra do PP e BNG. **Páx. 2**

## A gastronomía, o centro das festas de verán

Facemos un percorrido polas principais celebracións na provincia. **Páx. 26-27**

## A oposición de Meira



Reportaxe sobre os dous partidos que completan a Corporación. **Páx. 18**

## Tempo de patronais



Friol, Muimenta e Castro de Rei, entre outras, estarán de festa. **Páx. 11, 15, 17**

## Lecer de Gamelle



Entrevistamos a Ana Abelleira, tesoureira da asociación. **Páx. 24**

## A Deputación adxudica a Teleasistencia

Destina un total de 400.000 euros a este servizo 24 horas, que atende nos 67 concellos. **Páx. 29**

É o momento!

# GAFAS DE SOL GRADUADAS DENDE 89€

@novalux\_aspontes\_vilalba

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

Nº R.S. E-27-000551 / 0-27-000551 - Nº R.S. E-15-00024 / E-15-001170

# O estudo realizado na rúa da Pravia apoia o cambio de sentido do tráfico

O tenente de alcalde do Concello de Vilalba, Modesto Renda, presentou os resultados do estudo técnico realizado para decidir o sentido circulatorio da rúa da Pravia e que conclúe a necesidade do cambio, que se fará o antes posible.

Como explicou o tamén responsable de mobilidade, o cambio de sentido da rúa da Pravia e tamén as obras trouxeron unha importante polémica que comezou xa na anterior lexislatura. Nas últimas eleccións, Vilalba Aberta fíxose cargo desta obra para “dicir dende o Goberno aquilo que esixíamos desde a oposición”. Explicou que se fixeron varias reunións coa veciñanza e os comerciantes para expoñer a idea dun cambio a través dun estudo técnico.

A rúa ten varias vías paralelas co mesmo sentido e as parroquias teñen dificultades para acceder ao centro polo que consideran “necesario o cambio”.

Renda asegurou que este cambio está baseado en necesidades comerciais e tamén foi realizado “como compromiso político”.

Analizouse no estudo o sentido do tráfico e como se están a conectar as rúas contando tamén coas rutas de transporte e as horas puntas da mobilidade.

Explicouse tamén o proxecto, que consistiu na observación do tráfico e despois da aplicación dun modelo en Vilalba.

Nas primeiras conclusións, o cambio de sentido traería aparelada unha redución do tráfico pola rúa da Pravia un 33% “o que potenciaría outras rúas de Vilalba”. Así, o tráfico que



agora mesmo non vai pola Pravia pasaría pola avenida Cospeito collendo relevancia a rúa Emigración e rúa Ribadeo.

A empresa que realizou habería que propoñer alternativas de calmado de tráfico para esas rúas.

Gañarían tráfico tamén avenida Terra Chá, Plácido Peña e algo Conde Pallares pero advirten que este cambio non suporá atascos.

Pola súa banda, Modesto Renda explicou tamén que o tráfico chega a Vilalba principalmente pola A8 e a AG64. “Debemos facilitar a entrada ao centro urbano desde esas direccións”, dixo. Tamén explicou a necesidade de favorecer a conexión co polígono Sete Pontes e impulsar o turismo.

O concelleiro avanzou que co cambio se farán algúns cambios no resto de vías afectadas. Estudan a posibilidade de instalar bandas reductoras de velocidade. Tamén terán que cambiar a sinalización e o pintado.

## A opinión da oposición

Os concelleiros do PP esixen a PSOE e Vilalba Aberta que deixen a un lado as súas liortas e “escoiten aos vilalbeses” para chegar a un punto de acordo.

Os populares fan esta reflexión tras facerse públicas as discrepancias existentes entre os socios do goberno local en canto ao sentido de circulación da Rúa da Pravia. Ambas formacións encargaron senllos informes para defender a súa postura (o PSOE defende o sentido de circulación cara a estrada de Mondoñedo, mentres que Vilalba Aberta aposta porque a circulación sexa cara a Rábade) cun custo de 28.000€, que se engaden ao xa investido: 1,3M€.

“Se de verdade se preocupasen polos vilalbeses e a economía do municipio recuperarían o dobre sentido de circulación que é o que quere a xente”, sinalan os populares, de-

fendendo unha postura que “é vital para a economía do municipio”.

Os nacionalistas afirman que este estudo, “está pagado por todos pero dirixido a favorecer o cambio de dirección da rúa sen tratar de ser imparcial, servindo para escusar unha decisión política en función dunha promesa electoral”, dixo o seu voceiro.

Aseguran que o estudo ofrece moitas incorreccións e que o estudo realizado con anterioridade xa tiña uns criterios a seguir.

“Pretender que co cambio de dirección da rúa se solucione o problema do comercio non ten nin pés ni cabeza”, afirma, e engade que “as zonas axardinadas da praza Suso Gayoso e os cruces de Plácido Peña e rúa da Pravia están deseñadas para o sentido de circulación actual e o cambio sen reformalas compromete a seguridade das manobras”.

## OUTROS CAMBIOS

**BOLARDOS.** Instalan 15 bolardos flexibles e pintan 40 metros de zig-zag e liñas amarelas no casco urbano, a fin de facilitar a entrada e saída de garaxes, rúas e interseccións con pouca visibilidade. Actúese nas rúas das Pedreiras, Conde Pallares, de Xermade, Penelas, de Ribadeo e Guitiriz, na praza de Santa María e na avenida de Cospeito, ademais da rúa da Feira.

**RÚA BEGONTE.** O Concello vén de dar resposta á solicitude dos veciños e veciñas da rúa de Begonte ao ser imposible compaxinar unha dobre dirección nunha rúa tan estreita coa posibilidade de aparcarse ás dúas marxes. A maioría optou por fixar a dirección única da rúa, dándoselle a lóxica saída polo Paseo do Conde e permitindo aparcarse sen restrición algunha.

**BANDAS REDUCTORAS.** Instálanse 10 bandas reductoras de velocidade en sete zonas do centro urbano e as parroquias do rural vilalbés, concretamente nas rúas Domingo Goás (2), Camiño do Sixto Primeiro (2), de Foz, José María Chao Ledo e na vía de acceso a Lameiras (Árbol). E ampliáronse nas vías de acceso a Moscarán (Árbol) e no de acceso á Escoira (Xoibán).

**ROMÁN.** Mobilidade subvencionará nun 100% o custo das obras de acondicionamento e pavimentación dun aparcadoiro público, nuns terreos titularidade da Asociación de Veciños Santa Eulalia de Román ao lado da igrexa. Serán 1.970 metros cadrados dedicados integramente a estacionamento de vehículos que se cubrirá con grava.

**EN BOAS MANS**  
CENTRO DE FISIOTERAPIA

**SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO**

**FISIOTERAPIA**  
Deportiva  
Neurolóxica  
Traumatolóxica  
Drenaxe Linfático  
E.P.I. / EPTE

**TRATAMIENTOS**  
Accidentes de tráfico  
Lesiones Deportivas  
Neurológico  
Traumatolóxico  
Ondas de Choque  
Radiofrecuencia  
Game Ready  
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

[www.boasmans.com](http://www.boasmans.com)  
[info@boasmans.com](mailto:info@boasmans.com)

**construferr**

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)  
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:  
[www.construfervilalba.com](http://www.construfervilalba.com)

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO  
**PABLO RABADE PAREDES**

# O Concello completa a primeira fase do desbroce de pistas

Rematou a primeira fase de desbroce de cunetas en varias pistas das parroquias da zona rural. Dita actuación, supuxo a limpeza dun metro en cada unha das marxes das estradas para favorecer a visibilidade e a circulación dos usuarios e usuarias.

Os traballos de desbroce de camiños e estradas municipais leváronse a cabo, nesta primeira fase, sobre 500 quilómetros de vías, o que supuxo unha inversión de 27.500 euros para "favorecer o mantemento das pistas do rural durante o verán e cara finais da época estival acometer a segunda fase que permitirá o mantemento das vías durante todo o inverno", explicou o concelleiro de Servizos Municipais, Eduardo Vidal.

Desta forma, será a comezos de setembro cando se retomen os traballos de desbroce e limpeza dos marxes dos camiños e estradas municipais, ampliándose para entón as actuacións sobre 900 quilómetros de estradas. Así, os traballos completaranse cunha inversión de máis de 130.000 euros que permitirán "levar a cabo un desbroce máis exhaustivo sobre unha superficie máis ampla das marxes das estradas" explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco. Pola súa banda, a rexedora tamén lembrou que "actualmente o Concello conta coa colaboración do equipo de terra do parque móbil da Deputación de Lugo para limpar e abrir as cunetas nas pistas rurais, de tal forma que se poderán complementar as diferentes actuacións e asegurar un estado máis óptimo das estradas de cara á chegada do inverno".

**GOIRIZ.** O Concello de Vilalba vén de informar da finalización dos traballos de rexeneración levados a cabo polos dous equipos do parque móbil da Deputación de Lugo sobre o firme da estrada que atravesa o barrio do Car-



ballo, na parroquia de Goiriz. En concreto, trátase dunha vía dunha lonxitude de 1.000 metros na que foi necesaria a rexeneración completa de 172 metros de firme e o bacheo parcial de arredor de 800 metros da estrada. Para proceder á súa rexeneración foi necesaria a aplicación de tres capas de rego e catro tipos de áridos de diferentes grosos.

Ademais, co obxectivo de asegurar o mantemento futuro das actuacións, o equipo de terra do parque móbil da Deputación de Lugo tamén se desprazou ata Goiriz para proceder á consecuente limpeza e apertura de cunetas para obter un resultado final óptimo e seguro de cara á chegada do inverno. Pola súa banda, o acondicionamento de cunetas tamén incluíu a colocación de varios tubos de drenaxe para canalizar a auga.

"Neste caso trátase dunha vía que dá servizo a un importante número de vivendas e que se atopaba nun estado notablemente deficiente, polo que estas actuacións foron fundamentais e agardamos que ofrezan á veciñanza unhas mellores condicións de seguridade e comodidade no acceso aos seus fogares", sinalou a alcaldesa, Marta Rouco.

**CARBALLIDO.** A alcaldesa e os concelleiros Luis Fernández e Ignacio Criado, achegáronse onte ata a parroquia de Carballido para comprobar a evolución das actuacións levadas a cabo polo equipo de terra do parque móbil da Deputación de Lugo.

Os traballos céntranse actualmente na apertura e limpeza de cunetas da pista que une o barrio de Riazó co de Condado, dunha lonxitude aproximada de 1.000 metros e cuxa necesidade de acondicionamento foi posta de manifesto pola veciñanza.

A rexedora, Marta Rouco, que contrastou coa veciñanza a necesidade das actuacións, sinalou que "son traballos fundamentais para que as pistas non se deteriorenen durante o inverno, especialmente nunha parroquia coma esta na que durante a época de choivas é habitual que a auga discorra por riba das estradas". Ademais, a alcaldesa tamén adiantou que "o equipo de terra está previsto que continúe coas súas actuacións na parroquia de Carballido, procedendo á limpeza e apertura de cunetas doutras pistas próximas á que actualmente se atopa en fase de acondicionamento".



# O Pleno vilalbés aproba o proxecto de obra para construír o futuro PAI

O Pleno de Vilalba abordou tres temas de gran relevancia. Entre eles, a aprobación do proxecto de obra para o acondicionamento do local destinado ao futuro Punto de Atención á Infancia co que contarán as familias da localidade.

A rexedora, Marta Rouco, sinalou ao respecto que "damos un paso máis para acadar o noso obxectivo de poder ofrecer no vindeiro curso máis prazas para a atención da primeira infancia e para que, deste xeito, as familias vilalbesas conten coas máximas posibilidades de conciliación". Nesa liña, o goberno local presentou a todos os grupos da corporación o estudo técnico das obras de reforma que serán necesarias para acondicionar un dos locais do edificio da praza de abastos ás esixencias normativas para convertelo en Punto de Atención á Infancia.

O proxecto contempla o derrube dalgúns elementos exteriores e de todos os elementos de distribución interior cos que conta actualmente o local. Posteriormente, levaranse a cabo diversas actuacións na fachada entre as que se atopan a apertura de novos ocos e a colocación de envolvente para cumprir os requisitos técnicos e normativos.

Pola súa banda, as obras tamén in-

cluirán a colocación de tabiquería lixeira e a habilitación dunha nova zona de acceso que se completará coa nova distribución do espazo interior, de tipo aberto e diáfano. Nese sentido, o local contará con cinco zonas diferenciadas, tal e como establece a normativa vixente: unha zona de gateo, outra de descanso, unha zona de hixiene, aseos e un espazo de preparación de alimentos dotado cos electrodomésticos básicos.

Finalmente, no referido ao proxecto de obra, tamén se contempla a adecuada instalación do sistema de protección contra incendios, de protección á exposición do radon, do sistema de ventilación, de aforro enerxético e do sistema de xestión de residuos, entre outros.

En definitiva, o estudo técnico "está deseñado para obter as autorizacións, licenzas e permisos pertinentes para acondicionar o local e para poder sacar a licitación a súa reforma" explicou a alcaldesa, Marta Rouco, quen ademais lembrou que "o PAI é un espazo no que se ofrecerá a arredor de 20 familias coidados, atención e ensinanzas para as súas crianzas coa finalidade de contribuír ao seu desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual".



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA



**CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA**

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**



**EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240**

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



**CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO**



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

**NOVEDAD**

[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // [corbar@corbarsll.com](mailto:corbar@corbarsll.com)

## O PP afea ao Concello que sexa o que ten sen desbrozar

Os concelleiros do PP de Vilalba esixen a PSOE e Vilalba Aberta “que dean exemplo aos vilalbeses antes de esixirlles o que eles mesmos non fan”.

Dende o PP de Vilalba amósanse moi críticos co proceder do PSOE e Vilalba Aberta: “vemos como realizaron varias comunicacións a través das redes sociais instando aos veciños a realizar o desbroce e limpeza das súas propiedades, mentres o equipo de goberno non fai o propio coas parcelas municipais”.

Neste senso, os populares agardan que o goberno de PSOE e Vilalba Aberta non cumpra a súa ameaza de comezar a multar a aqueles propietarios que non limpasen as súas propiedades. “Non sería ético nin xusto que multasen a ninguén mentres as parcelas municipais están sen desbrozar”, afirmaron.

Indican dende o PP de Vilalba que de tomar este camiño, “o goberno local debería de proceder tamén a sancionar ao propio Concello de Vilalba por ter numerosas propiedades municipais sen limpar”.

Os concelleiros populares tamén lamentan que este ano non haberá brigadas forestais en Vilalba. “Preguntamos no pleno e a única resposta da alcaldesa foi que non é competencia do Concello”, sinalaron.

O Concello de Vilalba tiña a posibilidade de contratar brigadas forestais “practicamente financiadas ao completo pola Xunta de Galicia” para realizar traballos en materia de prevención e extinción de incendios, pero non fixeron. “Demóstrase que a alcaldesa nin xestiona nin ten interese en facelo”, denuncian.

Dende o PP de Vilalba lamentan que dende o equipo de goberno “prefiran perder unha nova subvención” mentres o municipio está sen desbrozar.

### EN BREVE



**PISCINA.** O presidente da Deputación, José Tomé Roca, inaugurou xunto a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, o novo parque acuático da área da Madalena que é unha realidade grazas a colaboración da institución provincial co Concello, ao que achegou preto de máis e 800.000 euros para facer realidade este espazo público que dará servizo á veciñanza de toda a comarca.



**MASCOTA.** A Biblioteca Municipal presentou a Olliño, a súa nova mascota, deseñada por Nerea Ocampo, gañadora do concurso e convertida en marioneta por Kukus. Nerea Ocampo foi a gañadora do concurso da mascota convocado pola biblioteca, no que houbo 70 participantes, en especial do CEIP Monseivane, o CEIP Insua Bermúdez e as ludotecas do municipio, que enviaron unha gran cantidade de debuxos.



**CEIP TERRA CHÁ.** A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, visitou o CEIP Terra Chá de Vilalba, un dos 15 centros que participaron no programa Mestres Gandeiros durante o curso 2023-2024, onde puxo en valor unha iniciativa educativa que involucrou a máis de 780 alumnos -de infantil, primaria, secundaria, bacharelato e Formación Profesional- e 120 docentes de Galicia.

## Acometen a reparación da cuberta do pavillón

Remataron os derradeiros traballos na cuberta do pavillón municipal co obxectivo de solucionar as deficiencias que presentaban as instalacións e as recorrentes filtracións de auga que afectaban, fundamentalmente, á zona de vestiarios.

Máis concretamente, as obras, que supuxeron unha inversión de máis de 70.000 euros, comezaron coa substitución dos 70 paneis translúcidos existentes na cuberta debido ao estado de “regular conservación” no que se atopaban, tal e como apuntaba o estudo técnico realizado de forma previa á licitación da obra. Nesa liña, colocáronse novos paneis de poliéster e, á súa vez, realizouse un repaso e unha reposición total da tornillería da cuberta, así como das chemineas. Pola súa banda, as actuacións tamén incluíron a colocación dun novo sistema de babeiro na xunta de encontro da fachada do pavillón coa zona de vestiarios, na cal, ademais, se retirou a antiga cuberta de fibrocemento para colocar unha nova de paneis sándwich de chapa



precalada.

“Grazas a estas obras poderemos solucionar as múltiples deficiencias que presentaban as instalacións, tales como a humidade nos vestiarios, as goteiras, a cor amarelada e o deterioro dos lucernarios, así como os diversos problemas de filtración que impedían un uso axeitado das instalacións” sinalou a alcaldesa, Marta Rouco.

Non obstante, o pavillón municipal contará finalmente para a vindeira tempada cunha cuberta totalmente renovada.

## Xa hai fallo no concurso de microrrelatos local

O Concello de Vilalba deu a coñecer os gañadores da sexta edición do Concurso de Microrrelatos, organizado coa colaboración con Culturalia GZ.

Así, na categoría infantil, o primeiro premio foi para Nicolás Salgueiro Alonso por Archienemigos, e o segundo para Duarte Mariño Torrado por O Poliño Lector.

Na xuvenil, foi Lucía Domínguez Pereira con Rebelde a gañadora. Seguiron Paula Pérez Cendán por Soa e María Fernández Escáriz por Ondas.

Ademais, Pedro Naveira Pedreira con Erro gañou na categoría de adultos. Sonia Martínez López con Reflector foi segunda e pechou a lista Carlota Millor Prado por Salvavidas.

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

HUSQVANA | Husqvarna | Jorda | CARLOS

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpnelas@bosch-bcs.com

**ēbos**

Rúa Campo de Puente 65 baixo  
VILALBA  
T: 982 523 499 / 623 552 876  
ebosobradoirodoce@gmail.com  
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

## Pablo del Valle expón na casa da cultura

Abriu na casa da cultura de Vilalba a exposición Le Magic Mayimba. Trátase dun proxecto artístico do veciño Pablo del Valle que busca visibilizar a igualdade ante o racismo e que poderá verse ata o 12 de xullo.

Os protagonistas dos cadros que a compoñen son principalmente xente de raza negra xunto con elementos característicos da cultura africana. As cores vivas, inspiradas en pulseiras e vestimentas tradicionais, colorean as peles dos protagonistas, buscando transmitir un símbolo de alegría e da riqueza cultural que ofrece este continente. Como peche da exposición, haberá un concerto de percusión no que o repertorio estará relacionado cunha serie de proverbios africanos.

# O IES Lois Peña Novo presenta a súa oferta educativa para o novo curso

José López, Elena Pereira, José Luis Pernas, Carmen Mato e Víctor Peinó falan das características de cada un dos ciclos de FP Básica, Media e Superior do instituto que se ponden desenvolver o ano que vén

O IES Lois Peña Novo de Vilalba presenta a oferta educativa de ciclos formativos que ofrece para o curso 2024-2025 coa novidade de que todos eles serán a partir de setembro de Formación Profesional Dual.

## FP BÁSICA E MEDIA DE ELECTRO-MECÁNICA E VEHÍCULOS

Con respecto ao departamento de Electromecánica e Vehículos, oférase o ciclo de formación básica e o ciclo medio. José López Pernas, profesor da especialidade, explica que ao ciclo básico poden acceder alumnos que non teñen a ESO, mentres que no medio entra alumnado que vén da básica ou tamén ao rematar a Educación Obrigatoria. “Isto é moi amplo, podes especializarte en diferentes módulos pero é un mundo moi grande, e hai moitos camiños, polo que hai moita saída laboral”, explica José. Por outra banda, di que fan proxectos a un ano. Este, concretamente, fíxose unha maqueta para simular un coche a nivel de actuadores eléctricos. Con respecto aos proxectos anteriores, un é un coche Toyota co que visualizaban o sistema de pila de combustible de hidróxeno; mentres que outro foi o proxecto de cargar un coche con enerxía fotovoltaica das placas solares do centro e, á vez, o coche proporcionaba enerxía para o centro, “co que conseguimos reducir case un 50 % o consumo eléctrico do instituto”, explica José. Así, mediante un cargador controlado por un móbil, da marca Wallbox analizaban os datos de carga e descarga e enviábanos á empresa para seguir desenvolvendo o recurso”.



## FP MEDIA DE ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

Elena Pereira García, profesora do ciclo medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, conta que fan labores de limpeza, de lavado, de pasadas de ferro, secado de roupa, cociñan, e cosen a man e a máquina. Ademais, contan cunha sala específica de taller de sanitaria, onde aprenden a facer mobilizacións con grúas, cambios posturais e a hixiene e aseo de persoas encamadas, así como prácticas de primeiros auxilios. “O ciclo ten un 100 % de empregabilidade e cada vez demándase máis este perfil na Educación Infantil e en Primaria como coidadores para nenos con discapacidade, aínda que tamén se pode traballar como teleoperadores de teleasistencia, en centros residenciais, en centros de día e no Servizo de Atención no Fogar”, explica Elena. Como novidade, presentaron un proxecto para ter unha aula Snoezelen, que é unha aula multisensorial coa que o alumnado “pode formarse na creación de ambientes inmersivos que favorezan

a estimulación multisensorial”, explica Elena.

## FP MEDIA DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS

José Luis Pernas, profesor no ciclo medio de Instalacións Eléctricas e Automáticas, explica que no ciclo se aprende sobre paneis solares, bóvinanse motores, fanse instalacións de domótica, cálculos de como van os condutores polas paredes, instalacións eléctricas de interior, automatismos eléctricos, electrotecnia, máquinas eléctricas, distribución... “Todo o mundo que fai o ciclo, acaba traballando”. Destaca o proxecto dunha vivenda domótica controlada desde o móbil “orientado a persoas de idade avanzada que non poden subir as escaleiras e que non teñen acceso á parede e que funciona con placas solares”, conclúe.

## ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Carmen Mato, profesora do ciclo superior de Administración e Finanzas sostén que en primeiro se imparte a parte de ofimática, contabilidade básica, comunicación, recursos humanos, responsabilidade social cor-

porativa, xestión de documentación xurídica; e en 2ª dáse contabilidade e fiscalidade, ofimática, xestión financeira, e unha simulación empresarial con proxecto de empresa. “Máis do 50 % do alumnado queda na empresa ao remate do ciclo superior”, explica a profesora, que anuncia, ademais, que este ano haberá un novo ciclo superior da mesma rama, que é o de Asistencia a Dirección.

## CICLOS DE INFORMÁTICA

O director do centro e profesor nos ciclos do departamento de Informática: o básico de Informática en Oficina e o superior de Administración de Sistemas Informáticos en Redes; Víctor Peinó explica que o ciclo básico está orientado a que o alumnado aprenda o manexo dos programas principais de informática, o procesador de texto, as follas de cálculo e o arranxo e mantemento de equipos, móbiles, tablets, equipos de escritorio e portátiles; mentres que o ciclo superior está orientado a configuración de servidores, instalación de redes e deseño e configuración de deseño de páxinas webs con Wordpress. Como novidade, Peinó informa de o curso que vén contarán cun novo ciclo, o medio de Sistemas Microinformáticos e Redes.

## SUPERIOR DE MECATRÓNICA

Ademais, neste novo curso haberá unha nova promoción do ciclo superior de Mecatrónica Industrial, co que se poderán facer prácticas en máis empresas da comarca da Terra Chá, o que axuda a que o alumnado quede nas empresas despois da súa formación, e isto axuda a asentar poboación.

## O Basanta Silva recibe un premio á sostibilidade

O IES Basanta Silva de Vilalba gañou o primeiro premio de Galicia ao centro máis sostible e respectuoso co medio ambiente dentro do reto Xeración Eco de Ecovidrio.

O centro vilalbés participou en cinco retos. No primeiro fixeron unha árbore de Nadal con botellas de vidro, no segundo, en Entroido, un concurso de disfraces con materiais reciclados e sen plásticos; no terceiro traballaron nunha horta sostible e realizaron diversas rutas para impulsar a mobilidade.

Como premio, o centro contará o ano que vén cunha horta ecolóxica para alumnos e profesores valorada en 2.000 euros.

Estes premios realízanse por comunidades autónomas repartindo en Galicia tres premios. A nivel do Estado participaron 11.376 alumnos, 2.173 colexios que fixeron 741 retos.

## Convocadas as axudas para material escolar en Infantil

O Concello de Vilalba vén de facer públicas as bases que rexen a concesión de axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado de educación infantil, é dicir, nenos e nenas entre 3 e 6 anos, matriculados nos centros educativos públicos do municipio.

A contía de ditas axudas dividírase en dous tramos e dependerá do orzamento presentado, podendo chegar a un máximo de 100 euros ou de 75 en función da renda per cápita das familias solicitantes.

En canto ao prazo de presentación de solicitudes, as familias poderán entregar a documentación solicitada no Rexistro Xeral do Concello ou na Sede Electrónica ata o 11 de xullo.

**SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA**

NEUMÁTICA  
HIDRÁULICA  
TRANSMISIÓN  
HERRAMIENTAS  
ACEITES



**TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO**

CUCHILLAS  
MUELLES  
CORREAS  
RODAMIENTOS



**TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS**

JOHN DEERE eni  
CEPSA BCS  
PETRONAS BZ  
TIMKEN

**TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS**



Milwaukee  
Nothing but HEAVY DUTY.



**RECAMBIOS Y SUMINISTROS**

Rúa do Freixo, P-53  
Pol. Ind. Sete Pontes  
27800 Vilalba - Lugo  
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656  
recambios@sesacar.com

## A Xunta adxudica obras de vías que pasan polo concello

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas adxudicou por 1.320.528 euros as obras de mellora do firme en tres estradas autonómicas, ao seu paso por 7 concellos da comarca de Ferrolterra.

Estas intervencións, adxudicadas á empresa Lancer Proyectos y Obras, S.A., levaranse a cabo en varios treitos das estradas autonómicas AC-110, nos concellos de Cerdido, de Moeche e das Somozas; na AC-564, ao paso polos municipios da Capela e das Pontes; e na estrada AC-566, no seu percorrido polos concellos de Valdoviño e de Cedeira.

As obras iniciarase, previsiblemente, neste mes co obxectivo de telas executadas neste mesmo ano, xa que os traballos contan cun prazo de execución de 5 meses.

As actuacións obxecto deste contrato teñen como obxecto a rehabilitación localizada do firme.

## O BNG critica os novos horarios no servizo de axuda no fogar

O BNG das Pontes vén de ter coñecemento dun escrito que o goberno municipal está a enviar ás usuarias do Servizo de Axuda no Fogar, comunicando que “durante os meses de xullo, agosto e setembro é posíbel que o horario de atención poida sufrir modificacións e que os domicilios nos que se presta tarefa doméstica ou outro tipo de tarefa se vexa alterado e/ou suspendido”. Afirmar os nacionalistas que, por unha parte, esta comunicación faise por escrito sen estar asinada polo Departamento de Servizos Sociais, cando existe unha concellería responsábel. En segundo lugar, este escrito redáctase de forma xenérica, sen sinalar a quen e como afecta e a menos de dúas semanas de comezar xullo, “sen dar practicamente tempo para procurar solucións a cada unhas das afectadas”.

# Seis proxectos recibiron as liñas de axuda por zonas de transición

A concelleira de Industria e Emprego, Ana Pena; e a responsable territorial do Instituto de Transición Justa (ITJ) en Galicia, Nuria Álvarez; realizaron unha visita ao Polígono dos Airíos das Pontes para, en palabras de Ana Pena “darles a coñecer as actuais liñas de axuda do ITJ así como ofrecerlles información sobre as futuras convocatorias que se van levar a cabo para proxectos industriais xeradores de emprego, nas zonas incluídas nos convenios de transición xusta de Galicia, que afectan a As Pontes e Meirama e os concellos lindeiros. A representante do goberno local e do Instituto de Transición Justa visitaron dúas empresas recentemente instaladas no polígono industrial dos Airíos, vencelladas ao sector do metal, en dúas naves que levaban varios anos en desuso e que veñen de reabrir as súas portas cunha creación inicial de 90 empregos directos. Unha visita durante a que Ana Pena subliñou que “desde o Concello das Pontes tratamos de respaldar, en todo o posible ao tecido empresarial local de todos os ámbitos” e recalcou a “necesidade de poñer todas



as ferramentas coas que conta o concello a dispor destes empresarios e destes proxectos xeradores de emprego. Queremos trasladar toda a información posible ao tecido empresarial das Pontes, especialmente ao recentemente instalado, para que poidan optar a estas achegas, das que xa se beneficiaron seis iniciativas locais de diferentes sectores, cunha inversión de 1.279.000 euros”

As empresas beneficiarias destas achegas atópase a empresa de turismo activo Nortegal (95.745,86 € para a creación de aloxamentos turísticos), a empresa Hormigones

Bergantiños (897.297,32 € para a ampliación da capacidade produtiva da empresa), a compañía Ingeniería PSI (99.936,98 € para a adecuación das instalacións) o Centro de Saúde Mental de Ferrol, Eume e Ortegal (167.070,37 € para o equipamento de centro residencial para rehabilitación psico-social de persoas con enfermidade mental que se constrúe nas Pontes), a empresa Prometal (561.000 euros para a ampliación das súas instalacións) e a Residencia A Magdalena 258.337,54 € para a ampliación da capacidade de persoas maiores).

## Unha universitaria gaña o terceiro premio do hackathon Reto Enseña

A alumna da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol e natural das Pontes Miriam Eimil Chao vén de acadar o terceiro premio no segundo hackathon Reto Enseña 2.0 que organiza ORACLE España en colaboración con NUWE e no que participaron máis de 230 estudantes de máis de 40 universidades de todo o mundo. Esta alumna do grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática participou de xeito individual neste reto baixo o nome de ‘Purple

Sector Team’ e en representación da Universidade da Coruña.

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Ana Ares, e o director do Campus Industrial da Universidade da Coruña, Marcos Míguez, acompañaron á alumna da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF) no acto de entrega de premios que tivo lugar na sede central da empresa en Madrid. O equipo Cachopo Team da Universidad Europea de Madrid (UE) acadou o



primeiro galardón e The Nanos Team da Universitat Politècnica de Catalunya (UPC), o segundo. Miriam recibiu unha tarxeta regalo por valor de 400 euros e varias sesións de mentoring con persoal experto de ORACLE España. Ao longo da xornada, participou nun networking con persoal experto e probou un simulador de Fórmula 1 Redbull.

## Chica Sobresalto dará un concerto nas Pontes en outono

Maialen Gurbindo é Chica Sobresalto, un alter ego co que a artista decidiu revolucionar o panorama musical dos últimos anos. Ofrecerá un concerto nas Pontes en outono dentro da xira Plutón.

O concerto será o 19 de outubro ás 20:00h no Auditorio Municipal Alovi. Unha capa e un traxe de superheroína acompañaron a Maialen Gurbindo cada vez que se subiu a un escenario desde que deu vida a Chica Sobresalto. Un traxe co que aínda que non loitou por manter a orde e a xustiza contra os viláns, si conseguiu salvar a miles de seguidores a través das súas cancións.

As entradas estarán á venda proximamente.

## EN BREVE

**CAMPAMENTO DE VELA.** O Club de Vela Fluvial organiza no lago o seu campamento anual. Son campamentos semanais de luns a venres. Con opción de renovar ou repetir campamento tantas veces se desexa. Haberá unha queda de mañá, de 10.00 a 14.00 horas ou de quenda de tarde, de 16.00 a 20.00 horas. Como novidade este ano tamén haberá opción de campamento de día completo, tamén semanal de luns a venres, en horario de 10.00 a 20.00 horas. Con xantar de mediodía incluído. Os organizadores disporán de transporte de recollida e retorno dos nenos aos seus domicilios a cargo do Club.

**CAMPUS DE CICLISMO.** O Club Ciclista As Pontes organiza un campus de ciclismo, que se desenvolverá en dúas semanas, do 8 ao 12 de xullo e do 15 ao 19 do mesmo mes. Son campamentos semanais de luns a venres con horario de 9.30 a 14.00 horas. Está dirixido a nenos de 5 a 12 anos que para participar teñen que saber andar en bici de pedais sen rodas de apio. Farán rutas, actividades, xogos, saídas e circuitos. Ofrecen información no 722 351 913.

**POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA**

**CARACOL +**

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

# A Deputación inviste no firme entre Veiga de Cabana e As Pontes

O presidente da Deputación da Coruña e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, acompañado do concelleiro de Obras da localidade, Roberto Rivera, visitou as obras que se están a executar na estrada provincial DP 1802 de Veiga de Cabana ás Pontes

Os traballos supoñen un investimento de 1,7 millóns euros, un dos maiores de cantos se están realizando na rede de estradas provincial, para a renovación integral do firme ao longo de todo o vial, que foi ampliado en 2022, incrementando o seu ancho de 5 a 8 metros, o que permite agora o cruce de dous vehículos en condicións de seguridade.

As obras van desde o inicio do vial, no entronque coa estrada AC-664, ata o punto quilométrico 9+200, atravesando os núcleos de Goente, A Faeira, San Pedro do Eume, Ribadeume e As Pontes.

Formoso destacou que este importante investimento, acometido en varias fases para a mellora integral da estrada, "contribuirá notablemente á mellora da seguridade vial, vertebración das comunicacións do municipio e tamén á fixación de po-



boación e o desenvolvemento económico da zona, xa que a estrada da servizo a distintas explotacións forestais e gandeiras existentes".

Con este novo investimento acometerase o reforzo do firme, reparando os desperfectos superficiais existentes, e a dotación de dúas capas de mestura bituminosa en quente, unha capa de regularización de mestura asfáltica tipo AC 16 Surf, rematando cunha nova capa de rodaxe de catro centímetros de espesor, o que mellorará notablemente as condicións de seguridade de circulación no vial.

RURAL. O Concello realizou tamén

traballos de mellora dos viarios en Cancelas, Poupariña, Esvedral, Penapurreira e Ramalla-Louseira co obxectivo de dotalos dunha maior calidade, tanto estrutural como superficial, para garantir, deste xeito, a seguridade do tráfico.

Os traballos, cun orzamento de 23.689 euros, financiados a través do POS da Deputación da Coruña, permitirán a mellora e substitución da actual capa de rodadura para o que será preciso levar a cabo actuacións de varrido de superficie e limpeza de marxes, ademais procederá ademais á limpeza das cunetas e á eliminación de vexetación que invada as vías.



## Comezan as obras de mellora no campo de tiro e no Evaristo Puentes

Comezaron as obras para a construción dunha galería cuberta nas actuais instalacións do campo de tiro con arco, asentado no Poboado das Veigas.

O proxecto, cun orzamento de 211.000 euros, con cargo a fondos propios, permitirá a execución dunha nova instalación que se localizará no extremo final da actual zona de tiro para, deste xeito, investir o sentido da mesma e evitar que á luz do atardecer afecte á visibilidade dos arqueiros.

Unha actuación que permitirá mellorar as condicións de adestramento dos deportistas que integran o Club Silex, no que se formaron importantes figuras do tiro con arco, entre as que destacan os olímpicos Miguel Alvaríño e Daniel Castro, ademais de permitir ampliar os horarios de adestramentos e poder poñer en marcha competicións de carácter oficial.

Así, o proxecto prevé a execución dunha nave cuberta e pechada, que servirá de almacén para os parapetos das dianas e outros útiles de tiro e cuxa cuberta se prolongará catro metros para xerar un soportal onde poder adestrar, ao aire libre, completamente protexidos

das as condicións meteorolóxicas adversas.

Construirase tamén unha nova soleira que servirá como liña de tiro exterior para poder organizar competicións oficiais, localizada a 90 metros da zona cuberta que existe na actualidade.

**EVARISTO PUNTES.** O Concello iniciou tamén os traballos de construción dunha bancada cuberta para o campo de herba artificial Evaristo Puentes, situado no Poboado das Veigas.

O proxecto, cun orzamento de 97.913 euros, consiste nunha bancada que se situará no lateral noroeste do campo, centrada na metade do mesmo e ocupando o espazo libre existente entre o campo e o peche vexetal que separa as instalacións deportivas da Ronda do Poboado.

A superficie construída da cuberta da bancada será de 142,50 m<sup>2</sup> e a bancada disporá de 7 pórticos metálicos con protección con galvanizado en quente, que ocuparán 30 metros de lonxitude e 4,75 metros de ancho, albergando a 168 persoas en asentos sen respaldo fabricados en PVC.

### ALFOMBRA FLORAL

Dous membros do colectivo Pétales participaron nunha actividade alfombrista na localidade de Lucca, en Italia, na que se elaborou unha alfombra floral para conmemorar os cen anos da morte do compositor Puccini. Para iso realizouse esta na localidade onde naceu e na que se elaborou unha alfombra na que participaron nove delegacións de alfombristas. Estas dúas veciñas das Pontes foron as únicas que Galicia que estiveron neste evento.



## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

### Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo -27004 Lugo

[www.clinicadentaltest.es](http://www.clinicadentaltest.es)





## Estudantes do IES Castro da Uz reciben un Premio ao Cooperativismo

O alumnado de Economía de 4º de ESO do IES Plurilingüe Castro da Uz recibiu o Premio ao Cooperativismo no Ensino, outorgado pola Consellería de Emprego a debido a creación dunha cooperativa educativa.

Dita cooperativa chamada RecreaT naceu co obxectivo de fomentar a actividade física e a cohesión da rapazada nos tempos de lecer e mediante a realización de torneos deportivos. Isto foi posible grazas ao proxecto para o fomento do emprendemento PROEM promovido e dirixido por Carolina García, directora da Asociación Seara, por una banda, e por Sabela Montero, profesora

da materia de Economía deste centro pola outra.

No certame, organizado polo director do centro, José Antonio López Castro, quen destacou o gran traballo realizado polo alumnado, participaron Juan José Couce Prego, director territorial da consellería de Emprego na provincia da Coruña, e Ana Pena Purriños, concelleira-delegada da Área de Industria e Emprego do Concello das Pontes.

Tamén estiveron presentes mostrando o seu apoio José Castro, presidente da Asociación de Empresarios Seara, e María Dopico, concelleira do PP das Pontes.

### MANIFESTACIÓN



As tres organizacións sindicais CCOO UGT e CIG saíron á rúa nas Pontes para pedir que Endesa dea continuidade aos contratos auxiliares e que se inicie canto antes o desmantelamento da UPT das Pontes. Tras a reunión mantida entre a Consellería de Industria, o Concello das Pontes, UGT, CCOO e CIG con Endesa, as organizacións sindicais decidían manter a manifestación convocada, co obxectivo de solicitar que os traballadores auxiliares que prestan servizos nas tarefas de predesmantelamento puideran continuar coa súa prestación na próxima fase de desmantelamento da unidade.

## O Concello e o Grupo Forma-T participan nun encontro no Lago

A concelleira de Industria Ana Pena, acompañada do primeiro tenente de alcalde, Antonio Alonso, visitaron o entorno do lago para coñecer de primeira man como se estaban a desenvolver as accións formativas impartidas pola empresa vilalbesa Grupo Forma-t.

Dedicados dende hai máis dunha década a todo tipo de formación e consultoría, o Grupo Forma-t segue ampliando a súa actividade, especializándose nos últimos tempos en sectores como o eólico mariño, que require unha grande demanda de formación, tanto na capacitación e tecnificación dos operarios, como nas medidas de seguridade a implantar, tales como navegación ou rescate. E precisamente son estas as actividades formativas que se desenvolveron ao longo desta última semana no entorno do lago, habilitado para tal fin con embarcadores e



equipamento como lanchas, motos acuáticas, ou mesmo un barco de rescate.

A concelleira de Industria, Ana Pena, manifestaba a súa satisfacción pola chegada da empresa vilalbesa ao concello das Pontes, con intención de quedar, xa que "o eólico é agora mesmo un sector estratéxico, que está destinado a ser o futuro de Galicia.

Pola súa parte, Iván Fernández, xerente do Grupo Forma-t, confirmaba as palabras da concelleira de Industria; por unha banda, o enclave do lago das Pontes é un lugar idóneo para desenvolver este tipo de formacións relacionadas con sector eólico mariño; e tras realizar unha elevada inversión para a creación das infraestruturas e instalacións necesarias, a intención da empresa é quedar nas Pontes e convertelo nun enclave que sexa referente neste sector.

## Arranca con moito éxito a iniciativa 'Charlas de café coa nosa industria'

A Casa Dopeso acolleu a celebración da primeira xornada dos encontros *Charlas de café coa nosa industria*, organizados pola Consellería de Industria do Concello das Pontes.

Estas xornadas teñen como obxectivos crear un encontro veciñal no que os emprendedores locais poidan presentar os proxectos industriais que rexentan na vila das Pontes. Trátase tamén de crear un espazo onde poder compartir coa veciñanza as experiencias de empresarios e emprendedores ponteses, e como chegaron a converter as súas pequenas iniciativas en industrias punteiras nos seus sectores, transformándoos en impulsores da economía e xeradores de emprego na vila.

Mónica Carballeira, vicepresidenta de Invenergy contou como pasou de estudar unha enxeñería e crear unha pequena empresa no ano 2005 ata entrar a formar parte do grupo In-



venery, multinacional punteira no sector enerxético das renovables, xerando máis de 280 postos de traballo, e convertendo as súas instalacións do polígono de Penapurreira no punto estratéxico para entrada da compañía en Europa.

A continuación tomaba a palabra Daniel Filgueiras, director de Prometal, que debullou polo miúdo as cifras de crecemento da súa empresa, que tras dúas fases de desenvolvemento

chegou finalmente ás súas novas instalacións no polígono de Penapurreira con 4300 metros cadrados e 22 empregados directos.

Cristobal Piñón, director de desenvolvemento de negocio de Intacta, pola súa banda fixo fincapé na actividade da súa empresa no relativo aos servizos que prestan a outras industrias en todo o territorio nacional e mesmo en Europa relacionados coa consultoría e enxeñería ambiental.

## Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?







## Escollidos os gañadores dos concursos literarios

Entregados os premios dos concursos de debuxo e narración organizados con motivo das Letras Galegas, así como da primeira edición do Certame Xermadeando pola igualdade.

No primeiro caso, na especialidade de debuxo as gañadoras na categoría A (ata 8 anos) foron Uxía Cazás Pardiñas, Mara Piñeiro Campo e Elena Gato Ares.

Na B (9 a 11) o primeiro premio recaeu en Gael Otero Gómez, seguido de Raúl Pérez Amarelo e Martina Fernández Salgado. Na C só houbo unha gañadora, Icíá Ledo Maceira (12 anos).

En narración venceu na primeira categoría Mariña Domínguez Naveiras. Na B os premios foron para Martina Fernández Salgado e Anastasia Arri-

bas Vega. Completaron o cadro de honra Alba González Romero e Sarai Paz Prieto, da categoría C.


Dúas das premiadas no certame das Letras Galegas xermadés fórono tamén na fase provincial levando os terceiros premios da súa categoría en narración, Mariña Domínguez Naveiras, na categoría A, e a Alba González Romero, na C.

No Xermadeando pola igualdade, os traballos gañadores foron os presentados por Luka Otero Gómez, Noa Iglesia Piñeiro e Uxía Cazás Pardiñas na categoría A. Na B, foron para Elena Gato Ares, Martina Fernández Salgado e Martín Canto Folgueira. Completaron a listaxe Lois Martínez Bermúdez, Gael Otero Gómez e Sara Amarelo Roca.

## Xermade, elixido como concello piloto dentro do proxecto CEL Rural

A Secretaría Xeral da Federación Galega de Municipios de Provincias (Fegamp) comunicou ao Concello de Xermade que a Xunta de Voceiros acordou seleccionalo como concello piloto do proxecto CEL Rural, para o desenvolvemento dunha comunidade enerxética rural.

Nunha primeira fase a Fegamp convidou aos 240 concellos cualificados como zonas pouco poboadas a presentar a súa candidatura. Foron presentadas 32 candidaturas. O 19 de abril a Fegamp acorda preseleccionar a 12 concellos, atendendo ás puntuacións acadadas nos criterios de selección, aos que se lles solicitou documentación xustificativa a fin de axustar as puntuacións iniciais. O Concello de Xermade acadou a puntuación máis alta (200 puntos) e resultou o máis adecuado para implementar o proxecto piloto. O Concello de Xermade está



traballando na creación dunha Comunidade Enerxética Local (CEL) dende primeiros deste ano, e a tal fin solicitou a liña de axudas do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para este fin. A concesión provisional das axudas foi notificada o 7 de maio, sendo a data límite para a constitución da CEL o 30 de setembro de 2024.

## Momán recupera a súa tradicional feira logo de máis de 30 anos de parón

A sociedade recreativa e cultural da localidade de Momán, en Xermade, organiza a súa tradicional feira desde 1756.

O acto de inauguración da feira terá lugar o 21 de xullo ás 12.00, coa recepción das autoridades. A partir de ahí, celebrarase o domingo entre o 16 e o 22 de cada mes.

Prevese un mercado do máis variado, desde gando ata alimentación, produtos de campo e enxoval ou roupa. Ademais, para amenizar a velada, haberá un pasarrúas e sorteos para unha degustación de polbo.

**ITV.** A unidade móbil da ITV estará entre os días 11 e 19 de xullo en Xermade para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas.

O horario de atención será de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás os venres, que será só de mañá.

A unidade móbil estará situada xunto á nave municipal de usos múltiples do parque empresarial.

Para participar é necesario pedir cita, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com).

**Inviste en Friol**

**CONCELLO DE FRIOL**

**Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol**

## O polígono continúa ampliándose con catro empresas

Na actualidade son catro as empresas que están asentando a súa actividade e construíndo as súas naves, no Polígono Industrial de Friol.

Estas reuníronse no polígono industrial estes catro empresarios que escolleron este concello para asentar a súa empresa, xunto co alcalde, José Ángel Santos, e o xerente da Confederación de Empresarios de Lugo, ente encargado da xestión do Polo de Emprendemento que a Xunta de Galicia ten en Friol, así como a delegada da Alcaldía, Ángeles Buján e dous técnicos do propio Polo.

Esta reunión serviu para poñer en contacto aos empresarios cos responsables do Polo de Emprendemento, para que se coñezan e poidan ver as formas de colaboración e axudarse uns a outros, creando sinerxías entre os seus negocios co obxectivo de que desde o inicio das súas actividades comecen a xerar beneficio económico.

As empresas contan co apoio incondicional do Concello de Friol e do seu alcalde, José Á. Santos, o que sinala que “sempre estaremos ao carón das persoas que queiran emprender e asentar os seus negocios no noso pobo, intentaremos axudalas en todo o que estea nas nosas mans, é moi importante que existan empresas que opten por Friol para comezar ou continuar a súa andadura empresarial, e neste caso que dúas desas empresas sexan emprendedores do no pobo, échenos de satisfacción, que estes catro empresarios se decantasen por asentarse no noso Polígono Industrial e unha noticia importante para a poboación de Friol, xa que xerarán tecido empresarial, riqueza e postos de traballo no noso municipio”.



## O polo de emprendemento asesorou uns 150 proxectos

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, expuxo en Friol os programas e iniciativas principais que está a desenvolver a Xunta para darlle un pulo ao emprendemento en Galicia.

Na súa intervención, na xornada Os polos, comunidade emprendedora, que organizou o polo de Friol, sinalou a importancia que ten este eido para o Goberno galego e, por iso, avanzou que se está a traballar nunha estratexia para o emprendemento, unha planificación que se baseará nun estudo previo de mercado. “Con ela búscase dar un impulso coordinado a este ámbito implicando a todos os axentes do ecosistema de emprendemento de Galicia”, indicou.

Na súa exposición, Pablo Fernández puxo en valor, ademais, a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego coa que a Administración autonómica está a prestar asesoramento ás persoas emprendedores en calquera fase na que se atope o seu

proxecto, desde o principio ao fin. Nestes intres existen 13 centros en activo que se ampliarán ata 15 con dous novos centros, en Vilanova de Arousa (Pontevedra) e Sarria.

Con esta Rede atendéronse xa, en escasos dous anos, máis de 1.900 iniciativas empresariais (466 na provincia de Lugo), fixéronse máis de 5.000 titorías (1.276 na provincia lucense), arredor de 450 reunións con entidades do territorio (93 en Lugo) e centos de accións (preto de 100 en Lugo) entre formacións e eventos propios e externos en toda Galicia.

O polo de Friol, onde tivo lugar o acto, atendeu preto de 150 proxectos, a maior parte deles pertencentes a actividades profesionais científicas e técnicas (21%), seguido do sector da hostalería (14%) e da agricultura, gandería silvicultura e pesca (9%). En canto ás actividades, este centro realizou preto de 400 titorías. Sobre os proxectos de remuda, estanse a atender un total de 27 en toda a provincia.



## O alcalde reúnese con María Martínez para tratar varios proxectos

O alcalde de Friol, José Ángel Santos reuniuse coa nova conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez e o delegado da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias na sede da Delegación en Lugo.

O obxectivo da reunión foi estudar diferentes vías de colaboración para financiar diversos proxec-

tos que afectan ao municipio, co obxectivo de que se beneficien dos mesmos os veciños e veciñas de Friol.

“Agradecer a dispoñibilidade e implicación da conselleira María Martínez para que nos vindeiros meses e co apoio da propia Consellería sexan unha realidade”, destacou o alcalde.

## Haberá campamentos para a rapazada en xullo e agosto

O Concello segue apostando por fomentar o deporte e os bos hábitos entre a poboación máis nova. Para elo opta por celebrar este verán, a unha nova edición dos campamentos de verán, onde unha gran parte da programación está dedicada ao deporte con atletismo, teatro, movemento rítmico, deporte, piscina e xogos cooperativos.

Esta actividade comezou o día 1 de xullo e rematará o 31 de agosto. Realizarase en horario de mañá,

dende as 10:00 ata as 14:00 horas para os participantes con idades entre os 4 e os 14 anos. O prezo do campamento é de 60 euros ao mes para os veciños e de 40 para os irmáns. Para os de fóra o prezo sobe a 125 euros e 85 para irmáns. Os prezos por semana será de 20 euros (10 para irmáns) e de 40 (25 para irmáns).

Hai tamén servizo de madrugadores desde as 8.00 por un prezo de 20 euros adicionais por semana.

**RESTAURANTE PARRILLADA**  
**O'Adro**  
**COMIDA PARA LEVAR**  
**COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...**  
**Ven a probar os nosos cocidos**  
 O Adro, Lanzós 27816  
 VILALBA - LUGO  
 982 52 58 65 - 626 23 71 56

**MOBELRIAS**  
**MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR**  
 Especialistas en moble modular e agora tamén  
**DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.**  
 Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba  
**PLAMOBLE**

## Rematan as primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia con gran éxito

Friol clausurou este domingo as súas Olimpíadas Rurais, que ao final conseguiron un gran éxito de participación durante as tres xornadas que duraron.

O equipo gañador desta primeira edición foi Juais Team, sendo o segundo Transjalaicos e o terceiro Lamalexos.

Finalmente as sesións de probas contaron con numeroso público que se achegou a Friol para ver disputar as diferentes probas celebradas, como os zancos, os tiradores, o lanzamento de lastra, a carreira de sacos, o garrote, daca-balo, a cucaña, os mizos, as cintas, a corda, a carretilla, a *sillita* da raíña, a corda ou os lazos.

A inspiración para crear estas primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia xorde das primeiras olimpíadas rurais que se celebraron en España: as dos Pedroches (Estraña, Córdoba), que desde hai 14 anos congregan cada verán a 48 equipos de todo o sur para competir nunhas Olimpíadas que recuperan os xogos tradicionais dos pobos.

Ademais das probas deportivas, esta primeira edición contou con outras actividades paralelas como actuacións musicais e experien-



cias gastronómicas.

O alcalde, José Ángel Santos agradeceu a todos os participantes que formaron cada equipo, "sen dúbida, a parte de ser valentes e competitivos, deron un exemplo de compañeirismo, compadreo e amizade. Moitas grazas aos veciños e veciñas de Friol pola boa acollida, implicación e apoio, para que este proxecto fose unha realidade."

Tamén tivo palabras de agradecemento para o Colectivo Hércules, na figura do seu presidente, Tor López, a todos os xuíces, aos *speakers*, ao

promotor mediático Sacho-selfie, a todos os expositores e aos traballadores do Concello.

"E por último dar as grazas a Xunta de Galicia, concretamente a Consellería de Medio Rural que a través da Agader financia conxuntamente con Turismo o 100% estas Olimpíadas Rurais, especialmente agradecer o apoio incondicional da Conselleira María José Gómez".

Na entrega de premios anunciou-se tamén que o próximo ano volverán as Olimpíadas Rurais e volverá ser Friol o punto de encontro para a nova cita.

## Todo preparado na vila para celebrar as festas patronais desde o día 13

Friol xa está preparado para celebrar a fin de semana do 13 a 15 de xullo as súas festas patronais na honra a Santa Isabel. A celebración, iniciarase o sábado 13 con pasarrúas a cargo de Xesta Verde. Contará xa nesta xornada con dobre sesión musical, a cargo de Kalima 3.0, en sesión de mediodía e noite, e con Aché na verbena.

O domingo será o gran día festivo. Abrirán as celebracións de novo os músicos de Xesta Verde percorrendo a vila. Haberá misa solemne tamén ás 13.00 horas, antes de dar paso ás sesión vermú, que estará a cargo de Alianza, quen tamén se ocupará da verbena, xunto a unha das actuacións estrela, a do Combo Dominicano. Ese mesmo día, pola tarde, haberá programación especial para os máis pequenos. Peter Punk Pallaso actuará ás 18.30 horas.

Gran Parada e La Dundeneta porán o punto e final ás festas o luns 15 de xullo. A primeira actuará só na verbena, mentres que a outra fará dobrete. Tamén o luns, fes-



ta local, haberá misa solemne ás 13.00 horas.

**XIÁ.** A localidade de Xiá, en Friol, celebrará este sábado, 6 de xullo, a primeira cea baile, que nace con afán de continuidade para recadar fondos de cara ás festas. Esta celebración terá lugar a partir das 21.00 horas no centro social do lugar.

Ten establecido un prezo de 25 euros por persoa e para anotarse hai de prazo ata o día de hoxe.

Os contactos para anotarse son Suso (676 370 740), Chus V (667 091 533) e Chus S (605 568 858).

# XXIX FEIRA DA CANTERÍA, CALLOS E ARTESANÍA

## 21 de Xullo 2024 PARGA

A programación incluírá o Certame de Cantería, unha competición cabalar, ademais da Mostra de Artesanía.

E por suposto, non faltará a música en directo e os callos!!!



Organiza:

concello de  
**GUIRIZ**

FEIRA DE  
**PARGA**

ASOCIACIÓN DE  
VECINOS DO CAMPO  
DA FEIRA DE PARGA

Colabora:

DEPUTACIÓN DE LUGO



Comunidade de Mozas Veciñas  
de Parga  
Santa Eirena de Parga

## EN BREVE



**CENTENARIA.** O concello de Guitiriz fixo unha celebración moi especial en Parga, onde a veciña Pilar Rego Ares cumpriu 101 anos. Na xornada do seu aniversario a alcaldesa, Marisol Morandeira, fíxolle unha vista xunto á concelleira de Integración, Promoción e Servizos Sociais, Sofía Sánchez, para entregarlle un agasallo.



**XOGOS.** Guitiriz clausurou os Xogos da Primavera 2024, que organiza a Biblioteca Pública Municipal Casa Habanera. Presentouse o libro *Xogos tradicionais galegos para tempos de recollida*, da man da de Paco e Manolo da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Rematada a presentación celebrouse o II Open da Ra. Todos os participantes levaron un pequeno marcapáxinas de agasallo e os tres primeiros clasificados un trofeo en 3D.



**50 ANIVERSARIO:** Numerosas persoas de todas as idades acudiron a Parga para celebrar o 50 aniversario do colexio, o CEIP Santo Estevo de Parga, no que se organizou un acto aberto a toda a comunidade nas instalacións da escola. O concerto do grupo Son de corda abriu unha programación na que destacou a actuación do mago David Méndez e na que tamén participou Bloquinho de Xermolos. Contra a noite Dj Celso Bayo pechou unha celebración na que tamén se desfrutou dunha exposición de fotos antigas, xogos tradicionais, inchables e outros xogos para os máis pequenos.

## A Deputación achega máis de 90.000 euros para obras e servizos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou coa alcaldesa de Guitiriz e deputada de Muller e Igualdade, Marisol Morandeira Morandeira, un convenio entre a institución provincial e o Concello chairego para colaborar en diferentes accións destinadas a mellorar a vida dos guitiricenses. A Deputación investirá 90.248,96 euros, o 100% do investimento necesario.

Concretamente, o acordo consta de catro liñas de actuación. A primeira servirá para mellorar diferentes vías e accesos municipais en cinco das parroquias máis extensas e situadas na parte norte do concello; a segunda para mellorar o alumbeado público coa instalación de 12 novos puntos de luz noutras seis parroquias; unha terceira actuación para a adquisición dun robot cortacésped e, finalmente, o investimento da institución provincial tamén se destina para colaborar na organización do XVII Encontro de Vilas Termas que se vén de celebrar no municipio.

No que ten que ver coas infraestruturas, actuarase en varios accesos de



San Mateo e outros en Campoverde, na parroquia do Buriz; no afirmado de camiños nas Reixas, Ación de Abaixo e Reboira, pertencentes á parroquia dos Vilares; e nos accesos á Ribeira en San Salvador. Tamén se reparará un acceso a Paderna, na parroquia de Labrada, onde se mellorará ademais a ponte sobre o rego de Porto Corga, preto do núcleo de San Mateo. E grazas ao investimento da institución provincial tamén se acondicionará o camiño municipal da Caivanca.

Instalaranse un total de 12 novos puntos de luz, de 30 W. Un no Pa-

drieiro (Mariz); outro en Bustelo (O Buriz); cinco no Castro (Santa Cruz); outro en Vilanova (Trasparga); dous máis na Avenida da Coruña e na rúa Xermolos (Lagostelle); e finalmente, un na Balsa e outro en Codeso (Labrada). Na parroquia de Lagostelle, na rúa do Carme, levarase a cabo unha actuación para o soterramento dunha liña eléctrica.

Ademais, a achega da Deputación servirá ao Concello de Guitiriz para poder adquirir un robot cortacésped para manter os espazos naturais, como a piscina municipal ou os parques en bo estado de uso.

## A localidade prepárase para a Feira da Cantería e o Festival de Pardiñas

A comisión organizadora da que será a XXIX edición da Feira da Cantería, Callos e Artesanía de Parga anunciou a data de celebración, que será o 21 de xullo, domingo.

A programación incluírá o Certame de Cantería, unha competición cabalar, ademais da Mostra de Artesanía pero aínda haberá que esperar uns días para coñecer o contido completo do cartel, que todos os anos achega varias actividades.

Trátase dunha das festas máis populares e emblemáticas de Galicia na que todos os anos se organiza da

man da Asociación de Veciños do Campo da Feira de Parga xunto ao Concello de Guitiriz.

Como sempre espérase que o certame de cantería volva reunir un importante número de canteiros, que o ano pasado foron de 14 e que optaron aos tres premios que se reparten todos os anos (de 500, 250 e 100 euros, respectivamente).

**PARDIÑAS.** Non faltará tampouco este ano o Festival de Pardiñas, que se desenvolverá os días 2, 3 e 4 de agosto, na que é a súa XLV edición

organizado pola asociación Xermolos. Trátase do festival máis lonxevo como festa da música e da arte e que aínda ten agochado o que non deparará o cartel. Celebrarase xunto ao festival a 31 Mostra de Instrumentos de Música Tradicional e farase entrega dos premios aos gañadores do XLV Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil, un concurso vinculado ao Festival de Pardiñas.

Os galardóns concedéronse nos niveis de educación infantil, nos tres ciclos de Primaria, os dous de Secundaria e en bacharelato e FP.



# Poñen en marcha os tres centros de compostaxe comunitaria

Nos últimos días puxéronse de novo en funcionamento os tres Centros de Compostaxe Comunitaria (CCC) que hai no concello de Guitiriz. Estes centros, localizados diante da Garda Civil, na rúa Tralouteiro (aparcamento público) e na Avenida da Paz (en Parga), teñen como obxectivo que a veciñanza que vive en vivendas sen finca, poida separar para reciclar a materia orgánica, depositala nos composteiros comunitarios e unha vez conseguido o pago, poder desfrutar deles para as plantas ou a horta.

Persoal contratado polo Concello, visitou os pisos do municipio coa intención de promover esta campaña de reciclaxe e intentar sumar persoas para esta iniciativa. Aquelas persoas que desexen participar na campaña poden pasar polo concello a inscribirse e, ademais, recibirán un caldeiro para a separación da orgánica, un díptico informativo sobre



o funcionamento dos CCC e unha bolsa de tea para facer unha compra mais sostible.

Cómpre recordar que en caso de participar o funcionamento é fácil. Unicamente hai que separar os restos orgánicos na casa e levalos ao CCC que estea máis preto á túa vivenda. Hai que depositar os residuos sen ningún tipo de envase nin bolsa (unicamente é admitida a

bolsa compostable), no único módulo aberto dos tres en liña que hai. Unha vez depositados os residuos é importante tapalos co materia vexetal que encontraredes no módulo solitario e perpendicular. O proceso estará supervisado por persoal do concello debidamente formado, que se encargará do seu mantemento e do correcto funcionamento de todo o proceso.

# Guitiriz volveu acoller o encontro termal e o curso de paisaxe da USC

Guitiriz acolleu a asemblea constitutiva do novo equipo da Rede de Vilas Termas integrada na Sección de Entidades Locais con Aguas Minerais e Termas da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) que se celebrou no marco do XVII Encontro de Vilas Termas.

A asemblea constitutiva de Vilas Termas aprobou o novo equipo directivo presidido polo ourensán Luís Menor e abordou a evolución dos traballos do convenio subscrito entre a entidade termal e Secretaría de Estado de Turismo (SETUR) no marco do Programa Experiencias Turismo de España, que conta con fondos Next Generation.

**UNIVERSIDADE.** A vila tamén foi a sede da decimo sexta edición do programa de seminarios de verán sobre a paisaxe que organizan conxuntamente o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e que ten lugar na Casa Habanera. As actividades do campus de verán contaron coa participación de 42 alumnos e alumnas.

Estes seminarios procuran un achegamento á paisaxe e á natureza a tra-



vés de diversas disciplinas artísticas ou culturais e das percepcións emocionais. O tema escollido este ano é o cambio climático, que se evidencia como unha ameaza real.

O obxectivo é examinar o clima ga-

lego, reflexionando desde diferentes perspectivas interdisciplinares sobre as máis pertinentes accións de mitigación ou de adaptación, no relativo á relación entre cambio climático e paisaxe.



**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

**SEOANE**

**LU-861, Vilalba**  
Casa / Chalet Adosado | 2 Dorm | 2 Baños | 85m<sup>2</sup> | 110.000€  
En la parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar independiente, de dos dormitorios y sala, dos baños y cocina. Se vende totalmente amueblada. La finca está cerrada y muy cuidada y en el interior, además de la casa hay un garaje. La vivienda dispone de doble ventana y triple cristal y un calefactor que consume madera. Esta propiedad está cerca de la charca del Alligal y del spa, que hay en la zona.

**San Simón - Besta de Abaixo, Vilalba**  
Casa rural | 4 Dorm | 1 Baño | 241m<sup>2</sup> | 65.000€  
En la parroquia de San Simón, municipio de Vilalba (Lugo), se vende casa rural independiente, con fachada en piedra, de 240 metros cuadrados. El interior de la misma precisa ser reformado. A mayores y al margen de la casa hay un almacén de 88 metros cuadrados. La finca, donde se ubican las construcciones, tiene una superficie aproximada de 4.100 metros cuadrados.

**Campelos, Vilalba**  
Finca rústica | 7 Dorm | 2 Baños | 380m<sup>2</sup> | 350.000€  
En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, reparados en dos plantas y bajo cubierta. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajocubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un horreo.

**Mondoñedo s/n, Vilalba**  
Terreno Urbanizable | 382m<sup>2</sup> | 5.000€  
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende parcela de 382 metros cuadrados, con unos 11 metros fachada a calle con acera. La parcela se encuentra en estudio de detalle.

**Calle Alcalde Fraga Bello, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 145m<sup>2</sup> | 93.000€  
En Vilalba (Lugo), en calle céntrica, próxima al ambulatorio de la localidad, se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Dispone de calefacción individual, ascensor, amplia terraza cubierta, una plaza de garaje en el sótano del mismo edificio y dos trasteros, uno de ellos acondicionado como oficina.

**Calle Plácido Peña 3, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 107m<sup>2</sup> | 107.000€  
En pleno centro de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina, armarios empotrados. La vivienda tiene calefacción de gas natural, preinstalación de aspiración centralizada y dispone de una plaza de garaje amplia en el sótano del mismo edificio, de un trastero y de ascensor. En próximas fechas, el edificio dispondrá de sistema de videovigilancia para las zonas comunes.

**José Luis García Mato 1, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 2 Baños | 231m<sup>2</sup> | 85.000€  
Se vende en el centro de la localidad de Vilalba (Lugo), una casa de planta baja y piso, para reformar.

**Chao Ledo 1, Vilalba**  
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m<sup>2</sup> | 73.000€  
En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.

**Emigración, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 164m<sup>2</sup> | 95.000€  
En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta vivienda unifamiliar, adosada, distribuida en dos plantas, en las que hay 4 habitaciones y sala, dos baños (uno en cada planta), cocina y un trastero. Dispone de calefacción de gas ciudad. La propiedad está dispuesta a dar ofertas sobre el precio marcado.

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**  
**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal**  
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)  
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)  
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

[www.rocaabogados.info](http://www.rocaabogados.info)  
[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)

# Acondicionadas a Fonte de Prado e vías da parcelaria

O Concello de Castro de Rei rematou os traballos para mellorar a contorna da Fonte de Prado, situada en Santa Locaia.

A fonte está xunto ao muíño do mesmo nome e sufriu un proceso de rehabilitación que implicou refacer as escaleiras de acceso, sen utilizar ningún tipo de formigón, e limpouse a fonte na súa totalidade. Para poñer en valor esta antiga infraestrutura colocouse un sinal en madeira, indicativo da situación da mesma.

O Concello de Castro de Rei está a completar o plan de rehabilitación de camiños en zonas de reestrutu-

ración parcelaria da Xunta de Galicia, tal e como informou o alcalde, Francisco Balado.

Neste proxecto acometéronse actuacións en distintas zonas de concentración parcelaria do Concello, entre as que se citan varias parroquias. Así na parroquia de Balmonte actuaron na zona da Igrexa, Vilaseñor, A Valiña e Zaca-riade. Tamén, en San Martiño de Goberno, concretamente nos lugares de Anoca, Outeiro e Ameixide.

Tamén forman parte deste plan Bazar, na que se actuará nos lugares de A Mudia, As Penelas e

Cornide. Así mesmo afectará a Ponte de Outeiro e Pacios, concretamente na zona da Ponte, desde a LU-120 ata Pacios. En Ramil está previsto que actúen no Caxigal e Medianeiros.

A actuación deste plan ten un orzamento de 199.377,50 euros e consiste principalmente nun de asfalto que se aplica sobre todas as vías de titularidade municipal con regularización nas zonas nas que o firme estea máis deteriorado, así como a limpeza de cunetas. Están financiadas a cargo dos fondos do Agader.



begonte



## Ameijide asegura que a nave é un desguace e un vertedoiro

Tras máis de seis meses de espera, os deputados do Grupo Provincial Popular accederon ás instalacións da nave que a Deputación de Lugo ten no polígono de Carral, onde puideron comprobar que "PSOE e BNG montaron alí un desguace e un vertedoiro".

Os deputados populares Antonio Ameijide e Armando Castosa visitaron estas instalacións e comprobaron "a gran cantidade de material que podería ser moi útil para moitos

concellos que se está a perder alí tirado". A realidade é que "agora que por fin nos autorizaron a entrada semella que por fin van realizar un mínimo mantemento da parcela, como a propia Deputación lle esixe a calquera particular, así como o inventario de todo o que alí hai".

O voceiro provincial popular Antonio Ameijide pregunta a José Tomé "que consegue tendo todo ese material podecendo dentro desa nave, en lugar de poñelo en valor".

## A veciñanza de San Vicente de Pena quéixase do estado das súas vías

Desde a Asociación Veciñal de San Vicente de Pena, denunciaron o "lamentable estado" no que se atopan as pistas da parroquia de San Vicente de Pena, no Concello de Begonte.

Segundo afirman nun comunicado, os veciños que transitan diariamente por estas pistas teñen que sufrir unha situación calamitosa que provoca danos en vehículos.

Consideran que "o Concello ten totalmente abandonada á parroquia" e debido a isto, solicitan que se tomen as medidas oportunas de asfaltado, limpeza de cunetas e acondicionamento, "para dispoñer dunhas pistas nun estado aceptable".

As principais queixas están centradas nas malas condicións das cunetas no barrio de Hedreira, que fai que se produzan riadas coas fortes chuvias, facendo que en inverno coas xeadas sexan moi perigosas. En Tras das Pereira a pista é moi estreita e ten o firme esnaquizado sendo de moi difícil acceso para os vehículos de emerxencia.

Afirman que a estrada de San Vicente de Pena a Piedrafita está totalmente intransitable, ao igual que o



acceso do barrio da vila á escola e o campo da festa.

Outros dos puntos cruciais da súa queixa está no propio campo da festa, xa que se forma un lameiro cando chove e a cuneta non é suficiente para evacuar polo que a lama chega ao campo da festa e á entrada do local social.

En moi mal estado están tamén as cunetas e o firme na vía que une O Pazo do Souto e a escola. Completan a listaxe co desnivel que hai en Fonte de Ribadecardos e o mal estado do acceso á igrexa.

## Begonte contará este ano cun campamento dixital entre xullo e agosto

O Concello de Begonte ofrecerá un campamento dixital este verán. É este un programa de actividades gratuítas para nenos e nenas de idades entre os 9 e os 13 anos para formar-se en competencias dixitais.

Serán 30 horas de formación gratuítas, do 22 de xullo ao 2 de agosto, de luns a venres en horario de 10.30 a 13.3 horas no telecentro de Begonte e tamén terán actividades complementarias online guiadas.

A aprendizaxe está deseñada como un xogo a través dunha aventura interactiva, na que deberán completar etapas e cumprir misións para conseguir logros.

O prazo de inscrición é ata o 5 de xullo e as prazas son limitadas tendo prioridade os nenos e nenas empadroados/as no Concello de Begonte. Campamento Dixital, no que colabora o Concello de Begonte, é unha iniciativa impulsada pola Fundación Cibervoluntarios, dentro do Programa de Competencias Dixitais para a Infancia, CODI, posto en marcha polo Ministerio de Xuventude e Infancia e o Alto Comisionado contra a Pobreza Infantil, financiado por Fondos Next Generation da Unión Europea.

**SANDRA CARBALLEIRA**

MASAJES • TRATAMIENTOS CORPORALES  
MANICURAS Y PEDICURAS

Móvil: 633 803 001

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tlf 982 523 649 – 982 523 601  
619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

## A veciñanza participou nunha concentración no centro médico

O BNG convocou á veciñanza a unha concentración diante do centro médico de Castro de Rei. Esta convocatoria forma parte das mobilizacións e accións que o BNG impulsou para reclamar ao goberno da Xunta de Galicia que aplique as medidas precisas para a dotación de recursos, tanto materiais como humanos, para contar cos servizos sanitarios plenos.

Neste senso, a concelleira nacionalista, Olga García, subliñou “é intolerábel que as veciñas e veciños deste concello non contemos con servizos sanitarios dignos, e sobre todo as doentes deste centro médico de Castro de Rei que vemos como nos pechan o consultorio dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro” e incidiu “o peche deste consultorio é unha decisión política, decisión da cal o goberno municipal é cómplice” pois non se esta tendo en conta que a veciñanza de Castro de Rei ten que desprazarse ata o centro de Castro Ribeiras de Lea o cal tamén esta con servizos baixo mínimos”

Pola súa banda, o secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro



anunciou que os socialistas comprobarán in situ a situación dos centros de saúde de toda Galicia, logo de que, en resposta a unha pregunta no Parlamento, o presidente Rueda reflectira “un mundo de ficción que ben pouco ten que ver coa realidade que se está vivindo” na sanidade galega.

Ante o centro médico de Castro de Rei, Besteiro denunciou que as instalacións (unha das dúas que hai no municipio) estará pechada durante todo o verán “porque a Xunta así o decidiu”. Criticou tamén que “non é unha situación moi diferente do que

acontece en moitas partes de Galicia”, e puxo como exemplos Doiras, Ribeira de Piquín e Pontearreas.

Debido á esta situación, o alcalde Francisco Balado, tamén anunciou que non está de acordo coa suspensión das consultas no verán e nunha carta aberta á veciñanza explica que esta situación está relacionada “coa que se está a vivir a nivel nacional pola falta de profesionais en atención primaria e que afecta a todas as comunidades”. Culpa ao Goberno do Estado e á Ministra de Sanidade “de ter desatendida a atención sanitaria en toda España”.

## Preparadas as festas das dúas vilas principais e aprazado o Criterium

Castro de Rei celebrará en xullo as súas festas patronais na honra de San Xoán. Comezará o venres 12, ás 22.30 horas, amenizada polo grupo Los Adrianos.

A programación oficial das festas continuará o sábado, 13 de xullo cunha misa solemne ás 13.30, seguida dunha procesión e sesión vermú. A música estará ao cargo novamente do grupo Los Adrianos, que fará un pase en sesión vermú e, pola noite, é a quenda do grupo Beatriz.

O domingo, o oficio relixioso terá lugar ás 14.00 horas e será o dúo Milenial o que se encargue do apartado musical en sesión vermú, xa que non está prevista verbena.

A localidade de Castro Ribeiras de Lea publicou un avance das súas festas patronais, que se celebrarán os días 2, 3, 4 e 5 de agosto, as horas aínda están por precisar. A organización avanza que este ano contarase coa presenza dos

Festicultores, orquestra New York, Trebol, Stereo, Combo Dominicano, Los Españoles, Costa Dorada, Principal, Charanga 555, Disco Truk, os Valuros de Castro de Rei e Hermo. Ademais de xogos tradicionais, festa da escuma e unha churrascada veciñal que de comezo ás festas.

En canto ao Criterium Aeronáutico, Rozas acollerá unha nova edición a finais de setembro despois de telo aprazado desde xullo, a súa data orixinal.

Contará un ano máis con actividades pensadas para todos os públicos, entre as que se incluírán o paracaidismo, paramotor, voo acrobático, drones, ultralixeiros ou un simulador de voo. Habrá tamén un circuito de karts, inchables, voos de exhibición e exposicións. Un ano máis terá lugar de forma simultánea a Volta Aérea a Galicia, aberta a todos os pilotos que desexen participar.



FESTIVAL  
DE  
**PARDIÑAS**  
EDICIÓN  
XLV

2, 3 E 4 DE AGOSTO  
FEIRA E FESTA DA MÚSICA E DA ARTE

concello de  
**CUITIRIZ**

Organiza:  
Asociación Cultural  
Xermolos



Segue tódalas novidades en:



## Regresa o congreso de fotografía á localidade

O Congreso de fotografía de longa exposición de Ares (LEA VI), que veu organizando a Asociación Fotógrafa Ferrolterra regresa este 2024 a Muras.

O colectivo pon en marcha este ano a sétima edición dun congreso no que participarán expertos en fotografía como Juan Manuel García, Drew Korme, Soraya Sampedro, Juan Vicente Ledesma, Pedro Pérez, Xandra Lunar e Hannu Huhtamo.

O congreso, que se desenvolverá do 4 ao 6 de xullo no Mosteiro de Santa Catalina en Ares, levará a cabo a primeira xornada en Muras,

unha das zonas starlight na que a asociación desenvolve moitas das actividades de astrofotografía.

Juan Manuel García protagonizarán unha *master class* de Fotografía ademais dunha exposición de astrofotografía que se poderá visitar na casa do médico. A sesión, que se desenvolverá durante a noite, leva incluída unha acampada libre e gratuita no cámping de caravanas.

Os días 5 e 6 será o mosteiro situado en Montefaro o lugar no que tamén estarán os relatores que chegarán aos asistentes ás técnicas de astrofotografía, Lightpainting e Darklight.

## Muras acolle dous cursos dun programa formativo sobre apicultura

A área de Rural, Mar e Mocidade da Vicepresidencia da Deputación de Lugo continúa a desenvolver o programa de formación en apicultura, destinado a ampliar e actualizar os coñecementos de apicultores e apicultoras e espertar o interese pola apicultura entre as persoas máis novas, promovendo a súa iniciación na actividade.

Trátase dunha iniciativa que inclúe cursos nos concellos de Vilalba, O Valadouro, Xove, Pantón, Muras, Mondoñedo e Cervo nos meses de xuño, xullo agosto e setembro e que conta coa colaboración da Casa do Mel de Goente, que se encargará de impartir a formación.

O programa inclúe tres tipos de cursos: de iniciación á apicultura (4 días) no que se abordarán cuestións básicas sobre a bioloxía do enxame, a saúde dos abellas ou a colleita e comercialización de mel e outros

produtos derivados; de selección e cría de raíñas de abella autóctona (6 días); e de manexo para evitar a morte por velutina das abellas autóctonas (2 días), no que se exporán métodos preventivos para protexer as colmeas desta especie invasora.

Os cursos teñen unha parte teórica e outra práctica, que se desenvolverá en colmeas de particulares. As persoas interesadas en asistir teñen que anotarse no enderezo electrónico [casadomel@vodafone.es](mailto:casadomel@vodafone.es) ou no teléfono 661 003 616.

En Muras haberá dous cursos. Por unha banda realizarán un de iniciación á apicultura que terá lugar os días 20, 21, 27 e 28 de xullo, de 9.00 a 14.00 horas. Impartirase no Local Municipal de Carelle. Ademais, realizarán outro de Cría de raíñas con abella autóctona. Este será o 3, 4, 13, 15 e 16 de agosto, co mesmo horario e tamén en Carelle.

## O voto de PP e PSOE tumba o pago de facturas e as axudas no Pleno

A situación segue enquistada en Muras logo da celebración dun novo Pleno municipal, no que PSOE (1 concelleiro) e PP (3 concelleiros) votaron en contra da proposta de modificación das contas de grupo de goberno do BNG (3 concelleiros), polo que seguirán sen poder pagarse as facturas a provedores.

Esta negativa de apoiar este punto volve bloquear unha vez máis o proceso de goberno, xa que tampouco puido darse para diante as axudas para asociacións e estudantes que se convocan todos os anos desde o cambio de goberno. O alcalde, Manuel Requeijo, indicou que de non pagarse as facturas pendentes, Repsol anunciou que se cortaría o subministro de luz e que outras moitas terán interese de demora que se cargarán



ás contas municipais.

Por todo isto, invitou á oposición a facer unha moción de censura, algo que o Partido Popular, a cargo de Eugenia Requeijo, non descartou.

Afirmar as dúas representantes da oposición que o problema está en que o alcalde non senta a negociar mentres que o mandatario

afirma que as dúas están en convivencia para bloquear o goberno local.

Debate bronco para rematar a sesión sobre as axudas ás asociacións, nas que o PSOE pedía equidade mentres que o Concello defende a diferenciación económica da aportación en función do traballo que desenvolven.

## Dimite o socialista Mario Rouco como secretario do PSOE local

A situación en Muras deu unha nova volta coa dimisión de Mario Rouco como secretario do PSOE en Muras. Así, saen de novo a relucir os desacordos entre os simpatizantes e afiliados socialistas nesta localidade, pola falta de acordo co equipo de Goberno local, do que formaron parte os anteriores oito anos.

Mario Rouco xa non se presentou como cabeza de lista do PSOE ás últimas eleccións aínda que si asegurou que daba o seu apoio á nova candidata, Jennifer Gómez, que se presentaba como independente.

O que foi durante oito anos o único concelleiro socialista en Muras formou parte do equipo de Goberno dirixido polo nacionalista Manuel Requeijo, cun reparto de funcións entre ambos e sendo chave de Goberno.



Co cambio de dirección do PSOE, a situación en Muras bloqueouse xa que Gómez propiciou o nomeamento de Requeijo como alcalde coa súa abstención pero negouse a formar parte do Goberno.

Esta situación levou ao partido a unirse ao PP na maior parte das votacións, o que significou bloqueo o curso político en numerosas ocasións. No pasado mes de novembro

saltaron as primeiras alarmas entre os propios simpatizantes e militantes socialistas que en declaracións a este medio naquel momento xa manifestaron o seu descontento pola situación de bloqueo "que o único que trae son consecuencias para os veciños", dixerón.

O descontento coa actitude da concelleira era patente, así como as diferenzas entre eles, aínda que evitaban que estas foron visibles, sendo moi poucos os que quixeron facer a súa queixa pública.

A dimisión de Mario Rouco xa se anunciou daquela pero finalmente non se produciu, chegando a facerse efectiva estes días.

Aínda así, asegura Rouco que apoia á concelleira electa e que se vai por motivacións persoais.



**RESTAURANTE DE  
VILALBA PRECISA  
PERSONAL PARA COCIÑA**

**TEL.: 627 065 019**



## Comezan os traballos da estrada entre Feira do Monte e Fontefría

A Deputación de Lugo vén de iniciar os traballos de rehabilitación do firme dun tramo da LU-P-1702, que é a vía que conecta en Cospeito Feira do Monte e Fontefría pola parroquia do Pino. Unhas obras nas que a institución provincial inviste máis de 92.000€ e que afectan a un tramo de 1,3 quilómetros no inicio da estrada.

Concretamente, os traballos consistirán na mellora da drenaxe mediante a limpeza de cunetas; a pavimentación con aglomerado en quente e a sinalización horizontal mediante marcas reflexivas brancas. O prazo de execución das obras é de 2 meses, pero a empresa encargada dos traballos -Ovisa Pavimentos y Obras



SLU- comprometeuse a telas rematadas en 3 semanas desde o seu inicio.

Trátase dunha actuación moi importante, porque esta vía que conecta os concellos de Cospeito e Begonte -desde Feira do Monte ata Fontefría,

no límite municipal- dá servizo directo a máis dun milleiro de habitantes que residen nas cinco parroquias cospeiteas que atravesada: Sistallo, Vilapene, Seixas, Pino e Rioaveso. Ademais, esta estrada dá acceso ao manancial de Fontoira.

### Muimenta celebra as súas festas patronais

Muimenta celebra as súas festas na honra a San Cristobo e Santa Mariña. O programa ábrese o xoves 4 cun concurso de tortillas e unha chea de música por parte de discomóvil Eventec, Cosme Dj e Los Adrianos. Continuarase o venres cunha verbena a cargo de Los Satélites e Assia. O sábado comezarán ás 13.30 cunha misa solemne, procesión acompañada con Asubíos da Chaira e sesión vermú a cargo de Magos xunto a Tania Veiras pola noite. O domingo, antes do oficio relixioso terá lugar un pasarrúas con Asubíos da Chaira que amenizará a procesión xunto a Bendición de Coches. Na sesión vermú e verbena será o protagonista o grupo Fénix.

## A Deputación dá unha axuda á SD Muimenta

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración co presidente da asociación Club Sociedade Deportiva Muimenta, José Seoane Debasa, a través do cal a institución provincial realiza unha achega económica de máis de 8.000 euros a esta entidade para a adquisición dun novo equipo costacéspede que permitirá manter en bo estado as súas instalacións, situadas na parroquia de Muimenta, no concello de Cospeito.

José Tomé puxo en valor a actividade que desenvolve esta entidade na promoción da práctica deportiva xa

que "levan máis de cincuenta anos fomentando hábitos de vida saudables vencellados ao deporte. Ademais, prestan especial atención ao inicio da actividade física dende as idades máis temperás co obxectivo de fomentar o xogo limpo e outros principios e valores como a igualdade na esfera deportiva e en todos os ámbitos da vida".

O custo total para adquirir o material, así como a correspondente instalación do mesmo, supón unha cantidade de 8.558 euros, dos cales a institución provincial achega 8.130,10 euros e a asociación os 427,90 euros restantes.

## A asociación de Pino convoca o concurso de debuxo e de caligramas

A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño convoca unha nova edición do Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba e do IV Certame de Caligramas Constanza de Castro, ambos en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es. O Certame de Caligramas Constanza de Castro ten como obxectivo reivindicar a relevancia histórica e cultural deste emblema da Chaira, ademais de promover a creación artística. O obxectivo será crear debuxos con textos. Neste concurso poderán participar todas as persoas maiores de 12 anos cunha única obra que será en formato e temática libres. Para os menores de 12 anos está previsto o IV Certame de Debuxo

Infantil A túa Caldaloba con formato e temática libres.

O prazo de presentación para ambos os dous rematará o 13 de outubro e esta fase no correo electrónico [asociacionpino@gmail.com](mailto:asociacionpino@gmail.com) que se enviará en sobres respectando o anonimato do concursante.

O premio consistirá en senllos diplomas e 200 euros para o gañador e 100 para o segundo no caso dos caligramas e diploma e lote de material de debuxo para os pequenos.

Os premios repartiranse durante a celebración dunha nova edición do Magosto Cal da Loba pero o fallo do xurado darase a coñecer con anterioridade, o 26 de outubro.

### VISITA DAS FILLOEIRAS



Aproveitando unha xornada de feira en Muimenta tivo lugar a visita dunha representación das filloeirras (as protagonistas do anuncio de Aceites Abril: Ana, Claudina, Dosinda e Maruja) ao Colexio Público de Muimenta. Aparte de facer filloas, ao longo de toda a mañá, atenderon gustosas ás preguntas que eles lles fixeron.

**Definitivamente,**  
temos o prezo  
máis baixo en fibra



**Fibra 400 Mb**  
**Móbil 30 GB**

**29€**  
/mes

**PREZO DEFINITIVO**

Chama gratis ao **900 651 679**  
Visita as nosas tendas ou entra en [adamo.es](http://adamo.es)

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

# Meira

## A oposición está formada por tres concelleiros populares e un do novo partido Contamos



Meira é actualmente un concello de maioría socialista, cunha oposición que estaba moi dividida, xa que se presentaron 5 partidos ás eleccións. Finalmente o PP pasou a ser o líder la oposición con 3 concelleiros, dous máis que na lexislatura anterior, que lle restou ao PSOE, que caeu un, e ao BNG, que desapareceu. Continúa tamén na Corporación o de Galicia Sempre, baixo o nome agora de Contamos.

### PP

O empresario Óscar Fernández lidera o Partido Popular e tamén a oposición no Concello de Meira. É un chegado recente, xa que en febreiro de 2023 foi nomeado presidente da xestora popular e posteriormente candidato ás eleccións. Tralo primeiro crecemento na representación municipal o seu obxectivo agora é “desenvolver un claro proxecto de Concello no que aínda estou actualmente traballando coa finalidade de presentar un proxecto serio e cun equipo que teña unha clara vocación veciñal para as seguintes eleccións municipais”. Chegou á política Óscar desde outros proxectos emprendidos no concello e foi chamado polo PP para liderar o seu partido, tarefa que acolleu con gusto.

Define o seu papel na oposición

“para poñer de manifesto as carencias e falta de proxección de futuro que sofre desde fai anos o concello ao tempo que proporcionamos un papel construtivo no que aportamos ideas e proxectos que son imprescindibles”. Para iso afirma que non hai un sistema fixo de traballo, pero ten claro que ten que “recoller as inxerencias e problemas dos nosos veciños e traballar para corrixir os problemas que existen. Debemos formar parte activa da vida do concello, vivir, traballar, facer vida social no concello, posto que esta é a forma de saber dos nosos problemas”. Explica Óscar Fernández que o seu traballo estase centrando en reunións cos veciños, en temas de actualidade, como o inventario de camiños e tamén están empezando a programar actividades que dinamicen o tecido económico, “recollendo ideas e proxectos que xa existiron ou desenvolvendo novas actuacións”. O PP estivo no Goberno en varias ocasións liderando proxectos como o parque Profesor Río Barja ou a gardería. Para Óscar Fernández, empresario local, non sempre resulta fácil conciliar a vida política coa laboral e familiar. Bota de menos pasar tempo coa súa pequena pero considera que “participar da política fai tamén que axude a dar unha vida mellor no lugar onde queremos estar”.

Contrarrestan os beneficios, o primeiro é para el “o proxecto de futuro para a vila na que vivo, traballo e crío a miña filla, polo que dar un futuro mellor aos meus veciños. E o segundo dos beneficios é a relación cos veciños de Meira, xa que non imaxinaba a boa acollida que ía ter nas visitas que fixemos en todo este tempo e no día a día”.

Para o dirixente popular as metas a traballar pasan por dispor de solo industrial, “sabemos que temos unha grave carencia desde fai anos e o Concello non está poñendo os medios para corrixilo, como na vi-

partido desde as últimas eleccións municipais e escolleu este “porque non tes ataduras, ninguén por riba que che diga o que tes ou non tes que facer”.

Considera un único e global obxectivo no seu proxecto “facer que Meira medre e sexa un referente na comarca”, e defende para iso as liñas do seu programa, que apostan pola “máxima transparencia, igualdade, traballar para que o rural teña as máximas facilidades para vivir e traballar e un plan de axudas para os maiores”, entre outras.

Incorporado desde o inicio no papel de oposición, considera que o seu papel é “trasladar aos veciños o que se fai no concello cos seus impostos e explicarlles o que se fala nos plenos (os cales baixo o meu punto de vista deberían ser gravados) xa que no que vai de lexislatura chámame a atención a pouca xente que acude ver os plenos”.

Define o seu día a día do seguinte xeito: “Cando un veciño se pon en contacto comigo por algo que está mal, hai que arranxar ou o que precise, desprázome a ese sitio, vexo e no seguinte Pleno traslado o asunto ao Goberno. Despois si o fan ou non xa é cousa deles porque ao ter maioría absoluta fan o que queren”. Afirmo que ese papel que ten “é un agradecemento, non un sacrificio”, e que o beneficio será “cando vexamos a Meira saír do atasco no que está metida”.

Para Pablo Corbelle as necesidades máis urxentes son “a ampliación do polígono industrial, realización dun plan urbanístico, vivenda pública, ampliar o centro de saúde, limpeza e melloras nos camiños, concentración parcelaria, aumento da ponte, atención a xente maior, etc. En resumo, hai moito por facer, estamos estancados”.

Finalmente os dous coinciden en sinalar que as relacións da oposición cos veciños son boas e cordiais.

### Contamos: “Este papel de oposición é un agradecemento non un sacrificio”

venda, polo que é necesario facer un Plan Xeral”. Aposta tamén por unha oferta suficiente de actividades para os pequenos “sen que teñan que irse a outros concellos, ben sexan de tipo deportivas ou culturais”, para o que fai prioritario dispor dunhas infraestruturas deportivas adecuadas.

Aposta tamén por un proxecto formativo para a mocidade, “de forma que non marchen todos como ata o de agora”. No rural, indica a necesidade de concentracións parcelarias “que fan máis competitivas ás explotacións”.

### CONTAMOS

Pablo Corbelle está á fronte do outro partido na oposición, Contamos, do ámbito de Galicia Sempre, que revalidou representación, o 10% do electorado.

Interesado desde sempre na política, o seu líder incorporouse ao seu



**PP: “A finalidade é crear un proxecto serio e cun equipo que teña unha clara vocación veciñal”**

### DATOS

**HABITANTES:** 1.757.  
**PARROQUIAS:** 2.  
**EXTENSIÓN:** 46,9 km cadrados.  
**PARTIDO XUDICIAL:** Lugo.  
**CORPORACIÓN:** 5 do PSOE, 3 do PP e 1 de Contamos.  
**ALCALDE:** Antonio de Dios do PSOE.  
**VOCEIRO PP:** Óscar Fernández.  
**VOCEIRO Ga.S:** Pablo Corbelle.



zapatería  
 C/ Plácida Peña, 8 - Bajo  
 27800 Villalba (Lugo)  
 Telf. 982516550



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA  
 CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCENTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
 (O Ramal) Rábade  
 Telf. 982 871 103

URXENCIAS  
 24  
 HORAS

## Cruce de acusacións pola demora nas obras de ampliación do PAC

A viceportavoz primeira, Olalla Rodil, preguntou no Parlamento polas obras de ampliación e mellora do centro de saúde, unhas instalacións que funcionan ademais como Punto de Atención Continuada (PAC) para seis concellos da comarca. Ademais de veciñanza de Meira, recolle xente da Ribeira de Piquín, A Pontenova, Riotorto, a Pastoriza e Pol. "O Goberno do PP asegurou que "en 2021 se estaba tramitando a licitación do proxecto e mesmo se se ían executar nese mesmo ano, cunha partida orzamentaria de 330.000 euros". A deputada recriminou ao Executivo de Rueda que "non fíxesen nada e que", un ano despois, "volvesen anunciar o mesmo", e coa mesma partida de cartos. Rodil criticou que "o conselleiro fose anunciar o xa anunciado, máis nun-

ca executado, proxecto de reforma e ampliación do centro durante as eleccións de maio de 2023" e que, a día de hoxe "non se moveu unha pedra e o escaso persoal e os pacientes continúan pasando consulta no mesmo sitio".

Reclamoulle "que lles pidan desculpas" ás veciñas e veciños destes concellos e ao persoal que traballa no centro de saúde e no PAC "por levarlles mentindo e enganando durante tres anos". Tamén quixo saber se se van facer ou non as obras porque "despois de todo o que levamos vivido, a súa palabra ten pouca ou ningunha credibilidade".

O xerente do Servizo Galego de Saúde, José Ramón Parada Jorgal, remarcou na Comisión 5ª que a Xunta está á espera de que o Concello de Meira aprrobe a modificación

urbanística para licitar as obras de reforma e ampliación do centro de saúde.

O PP de Meira condena que "o alcalde e o goberno local atrasen as inversións que fai a Xunta no municipio" e, máis aínda, tratándose da mellora das instalacións sanitarias. O portavoz, Óscar Fernández, esixe responsabilidades ao goberno municipal xa que "a Xunta está a esperar que o Concello aprrobe unha modificación urbanística para licitar as obras de reforma e ampliación do centro de saúde".

O investimento previsto pola administración autonómica para acometer esta obra é de 2,5 M€ para adaptar o centro de saúde aos requirimentos asistenciais do modelo de atención primaria ao que quere dirixirse a Xunta.

## Entregados os premios do certame Avelino Díaz



O xurado do certame de debuxo e poesía Avelino Díaz na súa VII edición entregou os premios aos gañadores nas distintas categorías.

Así, na de 3 a 8 anos, en debuxo, o primeiro premio foi para Érika Barreiro Silva, coa obra *As Paisaxes de Avelino 1*. En segundo lugar quedou Julia Ferreiros Díaz, con *Avelino Díaz casándose*. O terceiro posto foi para Diego Rodríguez Crecente, coa obra *A aldea dos corazóns máxicos*.

Nesta categoría concedéronse dous accésits. O primeiro foi para Martín López Gil, por *As paisaxes de Avelino 4*, pola súa composición; e para Andrea Gasalla Eiras con *Avelino o pirata*, pola súa orixinalidade.

Na categoría de 9 a 12 anos, para traballos en poesía, o primeiro premio foi para Alexandra López Álvarez coa obra *Para Avelino*. En segundo lugar quedou Eduardo López Anido con *Avelino*, e pechou o podio Carolina Marqués Barcia, con *A síndrome de Down*.

Todos os traballos gañadores corresponden a alumnado de CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz, agás os terceiros. Diego Rodríguez é do CEIP Plurilingüe San Xoán de Becerreá e Carolina Marqués de Riotorto.

Tamén en poesía competiron na categoría de 13 a 17 anos, na que gañou Pablo Pérez Bello, coa obra *O diván de Damián*, e quedou segunda Alejandra Teijeiro Luna, con *Ritmo do Corazón*. O terceiro foi para Rut Busto Domínguez coa obra *Quen me quere*.

Manuel Rancaño Míguez, de 23 anos e de Redondela, foi o gañador do concurso de poesía na categoría de adultos, coa obra *Aos que soñaron con voltar*. En segundo lugar quedou Natalia Lema Otero, de 24 anos e natural de Baíñas, en Vimianzo, que presentou o traballo *O delirio do anxo*.

A terceira praza foi para Julio Romero Suárez, de 58 anos, de Arteixo por *Ecos de Breña*.

Nesta categoría tamén se repartiron accésits. Inés Mosquera Calvo, de 31 anos, de Santiago, levouse o primeiro por *Flor de algodón*, e David Salazar Vandenberghe o segundo con *Galbana*.

Presentáronse ao concurso un total de 300 traballos, que foron seleccionados por Xosé Otero Canto, Martiño Maseda Lozano e Begoña Vizcaíno Sanmartín. Actuou como secretario Eloi Treita Foxaca.

## Meira celebra o sábado 13 de xullo a Festa dos Coches no San Cristovo

A Asociación de Comerciantes, Empresarios e Autónomos (Acea) de Meira, en colaboración co Concello, repetirá este ano a Festa dos Coches polo San Cristovo, que terá lugar este sábado, 13 de xullo. O programa da Festa arrincará ás 13.00 horas coa entrega dos agasallos de benvinda e ás 14.00 está previsto que se inicie a bendición de vehículos na praza. Este chegarán en procesión desde o Campo do Plantío, onde están citados a con-

centrarse ás 13.30 horas.

Unha vez rematada a bendición dos coches terá lugar unha sesión vermú a cargo do grupo Lecer para dar paso a unha paella popular para todos o paseo central, na que tamén haberá actividades e xogos para os máis pequenos.

Os choferes terán dereito a unha ración de paella gratuíta. Entregárase un vale de 50 euros de combustible en ES O granxeiro para o mellor engalanado.



**CONCELLO DE CASTRO DE REI**

**FESTAS EN CASTRO RIBEIRAS DE LEA**  
2 - 3 - 4 - 5 DE AGOSTO  
Venres 2  
Gran Churrascada veciñal

As festas estarán amenizadas por:  
OS FESTICULTORES - NEW YORK - TREBOL  
STEREO - COMBO DOMINICANO - LOS ESPAÑOLES  
COSTA DORADA - PRINCIPAL  
CHARANGA 555 - DISCO TRUK HERMO  
OS VALUROS DE CASTRO DE REI

**FESTAS EN CASTRO DE REI**  
12 - 13 - 14 DE XULLO  
Venres 12  
CHURRASCADA POPULAR  
amenizada polo grupo LOS ADRIANOS  
Sábado 13  
Misa solemne ás 13:30 h, procesión e sesión vermú  
amenizada polo grupo LOS ADRIANOS  
Festa verbena co GRUPO BEATRIZ  
Domingo 14  
Misa solemne ás 14:00 h, procesión, sesión vermú  
e Festa verbena co grupo FÉNIX

## EN BREVE



**MIÑO.** Alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria do CEP Menéndez Pidal de Bembibre e CEIP Menéndez Pelayo e CEIP Anxa de Lugo, participantes no proxecto *Gústame o meu río, ensíname a coidalo*, do curso escolar 2023-2024, clausuraron o ano no Centro de Interpretación do Alto Miño, construído pola CHMS nun lugar tan emblemático como é a lagoa de Fonmiñá.

**AMARUXE.** A Asociación de Amuruxe organiza o primeiro concurso de fotografía para poñer en valor a aldea de Saldanxe, na Pastoriza. Pode participar calquera persoa, sen importar a idade. O único que hai que facer é mandar a foto ao correo amuruxe@gmail.com con nome, apelidos e un teléfono de contacto e, no caso de ser un menor de idade, poñer o nome e apelidos do adulto responsable. A data límite para enviar a foto é o 1 de agosto. A fotografía ten que ser en formato dixital, cun nome e a localización onde foi tomada. Teñen que ser fotos propias e, no caso de empate, utilizaranse os

likes obtidos no Facebook. O resultado publicarase na presentación da Asociación de Mulleres Rurais de Saldanxe, que terá lugar o 2 de agosto, ás 21.00 horas, na escola. A entrada será gratis para os socios e, no caso de traer acompañante, terá que pagar un prezo de 5 euros. Haberá pinchos, gaitas e algunha sorpresa para amenizar a velada. Para os que non poidan asistir, o fallo publicarase, ademais, no Facebook e WhatsApp.

**CAMPAMENTO.** A ANPA do colexio O Salvador da Pastoriza celebrará un ano máis un campamento de verán, que terá lugar entre o 8 e o 31 de xullo e do 1 ao 31 de agosto, de 9.00 a 14.00 horas. Está dirixido a nenos de 3 a 12 anos e terá lugar no CEIP O Salvador. Os interesados en anotarse poden facelo solicitando o formulario no teléfono 659 032 194. O prezo por mes será de 160 euros no caso de xullo e de 190 en agosto. En caso de xuntar máis de dez nenos o prezo baixará a 130 no primeiro caso e 150 no segundo. A monitora será Alba Luaces.

## Melloran o saneamento nos lugares de Paraxes e O Gruñedo

A Xunta de Galicia e o Concello da Pastoriza avalían vías para colaborar na mellora do saneamento nos lugares de Paraxes e O Gruñedo, tal e como acordaron a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e o alcalde da localidade, Darío Cabaneiro, durante unha reunión que mantiveron recentemente.

Durante o encontro, o rexedor informou á conselleira do proxecto no que se define a necesidade de levar a cabo a realización de redes separativas de pluviais e residuais, así como a recollida de todos os puntos de vertido existentes conectándose ás redes municipais. Estímase que a poboación afectada nestes lugares



da parroquia de Fomiñá sería duns 200 habitantes.

Cómpre indicar que a Xunta continuará prestando o seu apoio técnico e económico aos concellos para

que poidan exercer as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito máis eficiente e prestar servizos de calidade á súa veciñanza.

## Os senadores populares piden un acceso directo á autovía A-8

Os senadores do PP, atendendo a unha demanda dos veciños da Pastoriza preguntarán se o Goberno de España contempla a posibilidade de dotar á autovía A-8 dun acceso desde o termo municipal, ao seu paso por Cadavedo, á altura do Cristo do Fiuoco.

José Manuel Balseiro, José Manuel Barreiro, Juan Serrano visitaron a zona acompañados polo alcalde, Darío Cabaneiro, e o tenente de al-

calde e presidente do PP local, Marcos García Lombardero. Desde o PP lembran que esta é unha vella reivindicación da veciñanza e que incluso se chegaron a executar expropiacións para dispoñer dos terreos necesarios para esta nova ligazón pero hoxe, non consta ningún avance no proxecto.

A autovía A-8 é unha das principais arterias de comunicación dos municipios do norte da provincia de Lugo

xa que logo unen este territorio coa veciña comunidade de Asturias e co resto de Galicia e de España. De habilitarse esta nova ligazón favorecería un acceso á autovía dun modo máis áxil para a poboación residente na zona e todas aquelas persoas que queiran visitar a localidade. De feito, os populares inciden en que "A Pastoriza é o único municipio da provincia polo que discorre esta autovía que non dispón dun acceso directo".

## Suspenden o proxecto eólico da Pastoriza por danos aos milanos

A Xunta arquivou o proxecto do parque eólico Graxón, de Greenalia, situado no concello da Pastoriza, despois de non superar o trámite ambiental.

Na declaración ambiental negativa publicada a comezos de ano, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural identificou que a flora e fauna de hábitats naturais "veríanse directamente afectados" polo cabreado do parque. E chamaba a atención sobre o milano real ('*Milvus milvus*'), especie en perigo de extinción, con "probabilidade elevada de chocar" contra a infraestrutura eólica, o que "tería consecuencias poboacións significativas".

Entre outras cuestións, Greenalia propuña que, en caso de colisión dos milanos, se reintroducirían exemplares criados en cativeiro ou procedentes dos centros de recuperación de fauna para compensar as mortes destas aves.

Agora, a Consellería de Economía e Industria publica –este martes no Diario Oficial de Galicia (DOG)– o arquivo definitivo deste proxecto e procede a cancelar a garantía de 252.000 euros depositada por Greenalia Wind Power.

O proxecto deste parque de 6,6 megawatts estaba composto por un aerogenerador e a súa infraestrutura asociada, cun orzamento de 5,5 millóns de euros.

## Remata a escavación en Saa logo de atopar o paramento da muralla

Remata unha nova escavación no Castro de Saa, situado na parroquia de Baltar, traballo que dirixe de novo o arqueólogo Emilio Ramil, para destapar nesta ocasión a zona do bastión dereito que está no acceso ao xacemento.

Os traballos contan cun orzamento de 15.000 euros a cargo da Consellería de Cultura para ocuparse dunha superficie de 70 metros cadrados ao outro lado do que se escavou na anterior quenda.

Nesta ocasión estiveron preto dun mes traballando no Castro de Saa para poder seguir completando os 750 metros que hai xa ao descuberto.

O grupo de arqueólogos atopou nesta campaña o paramento interior dunha muralla defensiva e tamén puido acotar a extensión da entrada



ao castro.

Despois deste primeiro descubrimento atopouse unha segunda liña de muralla ou o que estima que pode ser tamén unha estrutura asociada a esa muralla.

Por outra banda, houbo outros achados entre as rochas, como unhas pe-

zas cónicas que poderían indicar que se trata de partes dun xogo, pero aínda non teñen clara a súa utilidade. A novidade desta campaña foron as visitas guiadas que se realizaron para dar a coñecer a marcha dos traballos. Ademais, a escavación está aberta á visita

## O IES Río Miño acada a mellor nota media de Galicia na ABAU

As temidas notas da ABAU ofreceron para o IES Río Miño de Rábade uns resultados espectaculares. Por segundo ano consecutivo o centro liderou o *ránking* na provincia de Lugo pero a isto sumóuselle o feito de liderar o *ránking* de toda Galicia. O seu alumnado obtivo a meritoria media de 8,141 sobre 10 puntos na proba xeral. A mellor nota de Galicia. O Centro manifestou a súa satisfacción polos resultados por outros datos engadidos, xa que un dos seus alumnos, Javier Hermida, obtivo a sétima mellor nota (13,78 sobre 14) da provincia de Lugo. Ademais de Javier, outras tres rapazas dos once participantes estiveron na gala Megabau aos mellores expedientes xa que obtiveron unha cualificación por riba de 13 sobre 14. Estas foron Laura Campo, Isara Longarela e Andrea Mallo, que estiveron acompañados polo director do centro, Ángel M.



Lage. Por suposto, o 100% do alumnado do dentro que se presentou á ABAU aprobou.

A isto hai que poñerlle outro dato de interese. A desviación entre a nota media que sacaron na ABAU e a media dos seus expedientes ten só unha diferenza de 0,22. A media dos seus expedientes é de 8,36 e a da ABAU (na proba xeral) un 8,14. "Isto é un indicador para o profesorado que amosa ter claro o que pedir

e esixir ao seu alumnado", explican desde o centeo.

"Queda por saber se a media que sacou cada alumno e alumna lles vai permitir acceder aos estudos desexados. O que si sabemos é que no curso pasado foi así". Estes resultados enchen de orgullo e satisfacción, non só ao alumnado participante na ABAU senón tamén ao profesorado pois reforza a súa liña de traballo", engaden.

## O sábado 13 terá lugar unha nova edición do certame de pintura rápida

O sábado 13 de xullo terá lugar o XVI Certame de Pintura Rápida organizado polo Concello de Rábade. As inscricións realizaranse no propio edificio consistorial o mesmo sábado dende as 9:00h ata as 10:30h.

O concurso está aberto a todos os artistas que desexen participar maiores de 18 anos, que comezarán coa pintura ás 9.00 horas e teñen de prazo ata as 17.00 horas. Só se admitirá unha obra por artista, que será libre

de escoller a modalidade e estilo de pintura que desexe. O tema é Estampas de Rábade. As obras terán unhas dimensións mínimas de 50x50 cm e máximas de 150 x 150 cm.

Os premios serán en metálico. Ao primeiro corresponderanlle 1.200 euros ofrecidos polo Concello, ao segundo 800 euros patrocinados por Finsa; ao terceiro 600 euros, a cargo de Mercontrol e un cuarto, de 500 euros, está financiado por Sariego.

Outorgarán tamén tres accésit de 100 euros. Todos os inscritos deberán presentar o cadro ao remate da sesión para participar na exposición que se abrirá unha vez remate a entrega de premios, que terá lugar ás 18.00 horas no centro sociocultural, onde tamén estará aberta a mostra. Dende o 15 ao 31 de xullo, tódalas obras premiadas, e as de aqueles/as artistas que o desexen, serán expostas no Concello.



## Entregados os premios do concurso de marcapáxinas

O Centro Sociocultural de Rábade acolleu a entrega de premios do Concurso de Marcapáxinas convocado polo Concello de Rábade con motivo do Día das Letras Galegas 2024.

Entregáronse tres premios por categoría. A) De 6 a 8 anos. B) De 9 a 11 anos. C) De 12 a 14 anos.

Todos e todas levaron un diploma e un agasallo, nun acto presidido pola alcaldesa, Reme González.

Na categoría A, o primeiro premio foi para Area Barreiro Barja, seguida de Yanira Casanova Rábade e Lucas Engroba Bóveda.

Na B foi Arosa Casanova Rábade a gañadora, seguida de María Fernández Rodríguez e Unai Vázquez Varela. Finalmente, na categoría C, María Nogareda Sánchez fixo o deseño mellor valorado, seguida de Claudia López Pérez e Christian Castelo Purriños.

## TALLER DE MEMORIA



O Concello clausurou o taller de memoria que deu comezo no mes de outubro e no que participaron 32 persoas. A actividade estivo impartida por Afalu (Asociación de Familiares y Enfermos de Alzheimer y otras Demencias Neurodegenerativas de Lugo). A alcaldesa, Reme González, foi encargada de facer entrega dos diplomas nun acto que se celebrou no Centro Sociocultural.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com

## A Convivio conmemora o día 13 os 20 anos da morte de Manuel María

O 13 de xullo, sábado, celébrase na carballeira de Santa Isabel a XI edición do Convivio da Cultura Galega, actividade festiva que organiza a Casa-Museo Manuel María xunto á Federación de asociacións culturais Galiza Cultura.

Este ano, o Convivio ten algo de especial pois están a piques de se facer vinte anos do falecemento de Manuel María, acontecido o 8 de setembro de 2004. O poeta chairego, que gostaba moito das festas populares, será celebrado un ano máis na música das diferentes formacións que pasarán pola festa, e de xeito moi especial pola Banda xuvenil Sons e Soños, dirixida por Armando Morales, e polo grupo de música tradicional Os Carunchos.

A banda Sons e Soños está formada por músicos xuvenís de Rábade, Begonte, Outeiro e Friol, e estrearán para a ocasión a peza titulada *Terra Chá*, composta por Carlos Seráns sobre un texto de Manuel María. Para esta e outras cancións estarán acompañados pola soprano

e profesora de canto Tabea Graser. Pola súa parte, Os Carunchos, banda de música tradicional do sur da Galicia que ten máis de trinta anos de andaina, presentará ás 18 horas o seu último traballo dedicado integramente a Manuel María. *Unha gorxa chea de paxaros* celebra a palabra do poeta poñéndolle música a algúns dos seus poemas emblemáticos.

A xornada festiva comezará ás 11.15h, dando saída cara ao cemiterio para levar a cabo a ofrenda a Manuel María e Saleta. Neste caso estará a cargo de Xosé Lois García. Desde as 12:30h a festa discorrerá en Santa Isabel. Alí, despois da actuación da banda Sons e Soños, celebrarase un xantar para o que a organización pon a disposición mesas e cadeiras. A festa continuará pola tarde, ás 16.30 horas, cunha foliada conducida por Xurxo Souto, e onde non faltará a música de Parabéns, Tradivivas Agra, Vento Mareiro e Reviravolta, que darán paso posteriormente aos Carunchos.

## O mes de xullo iniciárase cunha nova edición da Feira de Artesanía

Outeiro de Rei prepárase para celebrar o sábado 6 de xullo a súa Feira de Artesanía, celebración grande do Concello, que coincide coas festas patronais na honra de Santa Isabel, e que acada a súa XVI edición cunha serie de actividades paralelas coas que se pretende dar máis pulo aínda a esta tradicional celebración.

Está prevista a participación de preto de 90 expositores. Na actualidade teñen confirmada asistencia 63 postos de artesanía e 18 de alimentación.

O programa da feira iniciase coa III Andaina Solidaria organizada pola Asociación Somos Unidos por el cáncer, asociación presidida por José Manuel Vázquez, andaina na que colabora o Concello de Outeiro de Rei. Está prevista a saída da Praza do Concello ás 10:30 h; o trazado da andaina terá un percorrido de 6 km, é un trazado circular de dificultade baixa.

Ao longo da xornada haberá demostracións en vivo de oficios tradicionais: as olarías de tradición de Sober e Buño estarán presentes nesta décima sexta edición da feira e varios artesáns máis, entre eles o zoqueiro Alberto Geada. Tamén haberá unha representación da asociación Bolborretas fiandeiras que realizarán fiado de la e de membros da asociación Corazóns artesáns con exhibición de macramé, bolillos...; moitos postos da feira contribuirán tamén á vistosidade da mesma facendo demostración dalgún dos traballos que realizan de forma cotiá na elaboración das pezas que despois venden



nestes mercados.

Dende primeira hora da mañá haberá varios puntos solidarios para contribuir á recadación de fondos para distintos fins sociais.

O Campo de Santa Isabel será o espazo que acolla varios obradoiros durante todo o día para todas as idades.

De 12:00 h a 14:00 h está previsto na Praza do Concello unha degustación gratuíta de minihamburguesas en colaboración coa asociación de criadores de porco celta Asoporcel.

A partir das 13:00 h no Campo de Santa Isabel, nas inmediacións do circuíto deportivo, está previsto o inicio dunha exhibición de figurismo a cargo dos escultores Marcos Mariño e Yosi Fervenza, que realizarán ao longo da xornada unha exhibición de escultura con motoserra.

**ACTUACIÓNS.** Para ese día están previstas tamén varias actuacións. Así ás 12:00 h o grupo de gaitas Nubeiro de Lugo estará na inauguración da feira e animando as rúas da mes-

ma no tradicional pasacalle; ás 13:00 h actuará diante da casa consistorial a banda municipal de música Sons e soños e a partir das 17:30 h haberá animación musical polas rúas da feira a cargo de Nubeiro e do grupo de cantos de taberna Son de Outeiro.

Igualmente, a partir das 13:00 h, no Campo de Santa Isabel terá lugar a tradicional Concentración de coches clásicos. Neste mesmo espazo, á entrada do Campo de Santa Isabel, instalarase un punto de adopción canina a cargo da empresa oteireisa Garatuxa que está ocupándose a través dun convenio dos cans que recolle o Concello de Outeiro de Rei no seu termo municipal. Como nas pasadas edicións, haberá posibilidade de xantar a partir das 13:30 horas na fermosa carballeira do Campo de Santa Isabel ben baixo carpa, onde a comida será servida polo Restaurante González ou no propio campo nas tradicionais merendas.

Un ano máis a feira ofrecerá a posibilidade de realizar paseos en kaiak polo río Miño.

### EN BREVE



**CTNNB1.** A Asociación CTNNB1 celebrou o sábado 29 un acto solidario, co obxectivo de recadar fondos e concienciar sobre a condición xenética CTNNB1, que afecta a moitos nenos e familias de todo o mundo. A xornada estivo caracterizada por un ambiente festivo e unha gran participación da veciñanza e dos visitantes da contorna.



**LETRAS GALEGAS.** O Concello fixo entrega dos premios de narración e debuxo das Letras Galegas 2024. En debuxo Mara Lage Vázquez foi a gañadora na categoría de ata 8 anos xunto a Aroa Fernández Barreiro e Anxo Illán Sánchez. Na categoría B gañou Breixo Araújo González, con Juan David Barreiro Gómez e Iago Río Pernas. Recibiron un accésit Mariña Tubío García e Thiago Casanova Sánchez. En narración os gañadores foron Aroa Fernández Barreiro, Area Barreiro Barja e Martín Blanco Pérez (menores de 8 anos) e Valeria Díaz Morandeira, Alicia González Núñez e Claudia Carreira Freire.

## Licitada a redacción do proxecto para integrar o PAC no centro de saúde

A Xunta publicou a licitación da contratación por 72.135,63 euros dos servizos de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra do proxecto de integración do Punto de Atención Continuada (PAC) no centro de saúde.

A ampliación deste centro de saúde da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos figura na fase 1 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, aprobado polo Consello da Xunta. Na diagnose do Plan, priorizouse a necesidade asistencial de integrar estes dous puntos de asistencia sanitaria nun mesmo espazo, así como de ampliar os es-

pazos do actual PAC, situado nun edificio construído en 1981 como casa do médico e con dimensións e distribución pouco funcionais para o seu uso sanitario.

Formulouse un plan funcional que prevé unhas novas instalacións de 557,8 m2 de xeito anexo ao actual centro de saúde. Isto permitirá albergar un PAC cun maior tamaño das consultas de medicina e enfermería e da sala de observación que alberga o box de críticos, así como a incorporación de novos espazos, como unha sala polivalente ou vestiarios, ademais de integrar tamén a base da ambulancia localizada.

## O Pleno aproba a modificación da ordenanza sobre concesión de nichos

A casa do concello de Outeiro de Rei acolleu o pleno municipal ordinario. O segundo punto da orde do día abordou o expediente cuxo contido tratou sobre a ordenanza municipal relativa á duración das concesións dos nichos.

Aprobouse, en acordo coa nova lexislación, a modificación da ordenanza municipal que establecía a duración das concesións dos nichos de cemiterios, pasando esta dos 99 aos 75 anos de duración.

A proposta de modificación foi apoiada por maioría. Por último, debateuse sobre a recuperación e posta en valor da pontella da insua do Maiordomo. A votación foi rexeitada por maioría.

## O PSOE reclama a apertura do Mazo de Ferreiravella

A Agrupación Socialista de Riotorto denuncia que o mazo situado na área recreativa de Ferreiravella continúa en desuso, pola mala xestión do Concello, catro anos despois de que pechara pola pandemia. Apuntan desde o PSDeG que é un dos espazos máis empregados pola veciñanza e da contorna cando chega o bo tempo e esíxenlle ao alcalde que lle poña solución.

“Non é de recibo que o alcalde perda o tempo sacando fotos en vez de traballar pola veciñanza abrindo o mazo de Ferreiravella”, reprochan. Aseguran que o restaurante público deste espazo dedicado aos ferreiros é un dos recursos turísticos máis importantes cos que conta Riotorto e que leve pechado tanto tempo, “sobre todo en época estival que é cando mellor debería funcionar pola chegada de visitantes, supón un dano enorme para o desenvolvemento socio económico deste concello”.

Os socialistas critican tamén o “cinismo e o electoralismo” do PP “que predica a importancia de atender as necesidades da xente, pero son os primeiros en darlles as costas”.

# Entra en funcionamento a planta de transferencia

A nova planta de transferencia de residuos de Riotorto, construída pola Xunta cun investimento de 2,15 millóns de euros, entrou en funcionamento cunha capacidade de tratamento de 7.500 toneladas de refugallos urbanos ao ano.

Esta planta dá servizo a seis concellos (Abadín, A Pastoriza, A Pontenova, Meira e Trabada, ademais de Riotorto), que suman unha poboación de máis de 15.500 habitantes.

Esta infraestrutura substitúe á antiga microplanta localizada tamén en Riotorto, con capacidade para tratar tan só os residuos procedentes do contedor xenérico, explicou que as novas instalacións están preparadas para transvasar as tres fraccións que recibe a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) —envases de plástico, latas e briks (bolsa amarela), fracción resto (bolsa negra) e materia orgánica (bolsa marrón)— e transferilas despois á planta de compostaxe de Cervo.

Ademais, a instalación conta cos



mellores equipos en canto a eficiencia enerxética e tamén con paneis solares que permitirán compensar os consumos eléctricos. Así mesmo, dispón dunha depuradora, de sistema de pesado e aparcamento para varios contedores.

Neste sentido e aínda que as competencias de xestión dos residuos son municipais, o Goberno galego mantén o seu apoio aos concellos para axudarlles a garantir o cumprimento da normativa neste eido, poñendo

ao seu alcance as dotacións necesarias.

A rede pública galega impulsada pola Xunta para a xestión da materia orgánica está composta por 17 plantas: 4 dedicadas ao tratamento dos biorresiduos para facer compost (1 por provincia) e 13 de transferencia (todas elas dotadas dunha tolva específica para o trasvase da materia orgánica recibida, como paso previo ao seu traslado ata a planta de compostaxe máis próxima).

## EN BREVE

**SAN CRISTÓBAL.** As celebracións por San Cristóbal terán lugar en fin de semana próxima, comezando o venres 5 cunha cea popular no pavillón polideportivo a partir das 23.00 horas, que estará amenizada polo DJ Pedro Brmudz. Tamén estarán nesta sesión nocturna Panorama. O sábado comezarán os actos coa misa solemne, ás 13.30 horas, á que seguirá a tradicional bendición de vehículos na praza das Rodrigas, ademais dun pasarrúas coa charanga Eravisto. Pola noite terá lugar a verbena co dúo Belinda. Pecharán as celebracións coa verbena, na que serán protagonistas de novo o dúo Belinda e tamén a orquestra Principal.

**EXCURSIÓN.** O club de lectura Avelino Díaz, en colaboración coa asociación cultural Avelino Díaz e a asociación de veciños da Órrea, organiza unha excursión a Ourense o sábado 20 de xullo para facer a ruta da novela de Eduardo Blanco-Amor A Esmeralda, ademais doutras actividades e un almorzo para pasar o día. Para anotarse á actividade, que é aberta a todo o público, hai que chamar ao teléfono de Araceli (628 671 655) e Carlos (636 721 008). A data límite para inscribirse é o 1 de xullo.

# A Xunta inviste 1,2 millóns de euros na residencia de maiores

A Xunta de Galicia financiará con 1,2 millóns de euros a construción dunha residencia de maiores en Riotorto de titularidade municipal. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, o delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias, e o alcalde do concello, Clemente Iglesias, visitaron hoxe a parcela na que se edificará o centro que disporá de 37 prazas.

Esta actuación desenvolverase no marco do novo Plan de Investimentos de 18,5 millóns de euros co que o Executivo autonómico financia

unha vintena de proxectos de construción, reforma ou ampliación de residencias, centros de día, vivendas comunitarias e centros sociais de titularidade municipal. Un plan acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

A construción da futura residencia de Riotorto terá un custe total de 1,8 millóns de euros e será o Concello o que se encargue da licitación e contratación das obras unha vez que se asine o convenio de colaboración entre as administracións autonómica e local. O inmoble presentará unha estrutura modular con semisoto,

que acollerá o garaxe e distintos servizos como o de lavandería; planta baixa para os espazos comúns, como comedor ou sala de enfermaría; e a planta alta que quedará reservada para as habitacións.

O xerente do Consorcio destacou o impulso histórico que supón o Plan de Investimentos, tanto na mellora de instalacións como na creación de 500 novas prazas de atención residencial e outras 150 de atención diurna. Ao respecto, engadiu que este plan permitirá seguir reforzando a rede de servizos locais e de proximidade destinados ás persoas



maiores.

Pola súa banda, a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, afirmou que o financiamento para a construción dunha nova residencia para persoas maiores no concello

de Riotorto procede do Goberno central. Así o asegurou en resposta ao anunciado pola Xunta, concretamente polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Xefe da Xunta.

# XVII FEIRA DA ARTESANÍA de OUTEIRO DE REI

## 6 xullo 2024

Acceso pola A-6 (saída 507) e pola N-VI (km 513)

+ info: [www.outeroirei.gal](http://www.outeroirei.gal)

# “Queremos crear un documental con testemuñas dos maiores”

Ana Abelleira, tesoureira da asociación polense Lecer de Gamelle

## Cando naceu a asociación e que percorrido tivo?

A Asociación Cultural Deportiva Lecer de Gamelle naceu oficialmente en marzo de 2022, aínda que o proceso de formación comezou en outubro de 2021. A súa creación foi impulsada por Benilde, a nosa presidenta, coa idea de dinamizar a parroquia de Cirio e recuperar as xuntanzas entre veciños, especialmente os maiores. Desde entón, fixemos actividades que axudaron a unir á comunidade.

## Como xurdiu a idea?

A idea xurdiu da inquedanza de Benilde por ofrecer un espazo de encontro e actividades na parroquia. Co meu apoio, son a filla, e dunha gran amiga e veciña, Milagros, decidimos formar a asociación para organizar eventos e actividades que fomenten a convivencia.

## E ese nome?

O nome Lecer de Gamelle vén polo desfrute, e Gamelle, en referencia á fonte que se atopa preto e que é

representativa da nosa zona. Queremos que o nome reflecta o espírito de desfrute e comunidade que nos caracteriza.

## Quen forma parte da directiva actual e cantos socios a forman?

A directiva actual está composta por tres persoas: Benilde, Milagros e eu (Ana). A asociación conta con 30 socios, que son familias da parroquia ou aínda que non viven na parroquia teñen algún vínculo aquí.

## Experimentou un crecemento nos últimos tempos?

Si, a asociación experimentou un crecemento positivo. A medida que organizamos máis actividades, máis persoas se interesan en participar e formar parte da comunidade.

## Cales son as actividades máis habituais?

As nosas actividades máis habituais inclúen partidas de cartas todos os xoves, talleres específicos para nenos, talleres de tradición oral e pandeireta, así como xuntanzas gastronómicas como o cocido, o Magosto e

o Lume Novo, así como xornadas de xogos, lectura e merendas. Tamén organizamos actos especiais para o día da patroa de Cirio, o 15 de agosto e o domingo de Ramos.

## Como se presenta o resto do ano? Que actividades hai previstas?

Para o resto do ano, temos previstas varias actividades emocionantes. En outubro, esperamos comezar clases de música e baile tradicional, así como actividades deportivas. Tamén iniciaremos un club de lectura mensual para nenos e trimestral para maiores, e planeamos tres saídas grupais ao longo do ano. Continuaremos coas tardes de xogos e partidas para adultos e nenos. Prevemos que nos concedan subvención por parte da Deputación.

## Hai algunha outra iniciativa que lles gustaría facer ou poñer en marcha?

Gustaríanos poñer en marcha máis actividades deportivas e de baile, que axuden a fomentar o movemento e a saúde dos nosos veciños. Tamén estamos traballando en me-



llorar a acústica do noso local para retomar as sesións de cine de barrio.

## Hai outros proxectos máis de cara ao futuro?

No futuro, queremos crear un documental con testemuñas dos nosos maiores, recollendo as súas historias e anécdotas para preservar a memoria da nosa comunidade. Tamén aspiramos a axardinar a zona da aira da escola para crear un espazo de lecer ao aire libre. Estamos agardando que o Concello poda traer terra ademais de adecuar o terreo para despois nós, dende a Asociación, sementar herba, flores, etc.

## De que logros se senten máis orgullosos?

Sentímonos moi orgullosos do noso poder de convocatoria e da dispo-

ción dos veciños para participar nas nosas actividades. Ver á comunidade unida e desfrutando xuntos é unha gran satisfacción para nós.

## Que necesidades teñen?

Necesitamos mellorar a infraestrutura do noso local, especialmente a acústica para as sesións de cine. Tamén precisamos apoio para axardinar a zona da aira da escola e recursos para poñer en marcha novas actividades deportivas e culturais.

## Contan con axuda para manter a asociación activa?

Contamos coa axuda dos nosos socios. Aínda así, sempre buscamos novas formas de financiamento e colaboración para seguir crecendo e ofrecendo máis actividades á comunidade.



## Rematan as obras dun novo depósito de auga

A raíz da construción dun novo depósito de auga na parroquia de Santo Estevo, situado concretamente no Monte Veciñal en Man Común Serra e Picato de Pol, un proxecto recente e destacado, o Partido Popular destaca e agradece o investimento que a Xunta de Galicia fai en Pol reforzando o seu compromiso coa prevención de incendios.

“Estamos a falar dunha infraestrutura esencial para a xestión de emerxencias e a loita contra os incendios forestais”, resalta a voceira do PP de Pol, Nicole Grueira. Os populares explican que este

depósito ten unha capacidade de 500.000 litros de auga o que o fai especialmente apto para a carga de helicópteros e motobombas. “Esta característica é fundamental xa que permite unha resposta rápida e eficiente no caso de que se produza un lume, reducindo significativamente os tempos de actuación”, sinala Nicole Grueira.

“A localización estratéxica desta infraestrutura tamén facilita a cobertura dun amplo radio de acción beneficiando, ademais de ao Concello de Pol, aos municipios veciños”, finaliza a voceira popular.

## A residencia de maiores de Pol celebra o seu quinto aniversario

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, xunto ao alcalde de Pol, Lino Rodríguez, compartiu este venres cos residentes do Centro de Atención a Maiores o quinto aniversario da apertura do centro, que a institución puxo en marcha en colaboración co Concello. José Tomé mantivo un encontro co persoal da residencia e cos usuarios e usuarias e familiares, que lle trasladaron o seu agradecemento por apostar por unha rede de centros públicos, de calidade e que lle permite á veciñanza quedarse a vivir na súa contorna. O mandatario provincial, que estivo acompañado tamén polo Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera e a Directora do centro, Inés Zas, participou nos actos organizados pola Deputación para conmemorar esta data tan especial. “Estou encantado de estar un ano máis celebrando coa familia do CAM de Pol esta xornada festiva, e ver con ledicia que seguen a desfrutar do ambiente acolledor que caracteriza as nosas residencias”, sinalou José Tomé. Destacou que “na Deputación temos un modelo de residencias público, centrado nas persoas, que serve de referente en España e en Europa”.



Así mesmo, destacou o presidente o compromiso desta institución “por manter e mellorar, se é posible, os usuarios, e tamén a seguir ampliando a rede de residencias da Deputación porque, con este servizo, “estamos atendendo ás persoas e, ao mesmo tempo, creando emprego e actividade económica no rural”. De feito, lembrou que no caso do CAM de Pol, a Deputación incorporou melloras nos últimos anos á demanda do propio persoal e dos usuarios e usuarias, co obxectivo de ofrecer unha maior atención de calidade e mellorar as condicións de traballo. Durante a xornada festiva rendeu-se homenaxe a Pepe Pena, un dos

primeiros usuarios que ingresou no centro no 2019 cando abriu as súas portas, e que faleceu en xuño do pasado ano tras solicitar a eutanasia. O presidente xunto co persoal, os residentes, e a familia de Pepe, participou no emotivo acto organizado pola Deputación e o centro, no que se plantou unha árbore do recordo no xardín, en memoria de Pepe. Ademais, as 36 persoas que residen no Centro de Atención a Maiores de Pol desfrutaron ao longo da xornada de diferentes actividades programadas. Pola mañá, tiveron misa, actividades para recordar estes anos xuntos. Despois do xantar con menú especial puideron desfrutar de música, baile e unha chocolatada.



## O Concello cambiará un total de 818 lámpadas á tecnoloxía LED

O Concello de Abadín vén de sacar a licitación o proceso de mellora de eficiencia enerxética do alumeado, que consiste no cambio das lámpadas actuais de sodio por outras de tecnoloxía LED, que permite un aforro no consumo.

Serán un total de 818 lámpadas as que se cambiarán, situadas nas parroquias de Aldixe, Cabaneirao, Candia, Castromaior, Fanoi, Fraiaás, Galgao, Labrada, Montouto, Quende, Romariz, Abeledo, Baroncelle, Goás, Graña, Moncelos e Vilarente.

O proxecto ten un orzamento de 52.353 euros, que inclúe a xestión de residuos.

**TRACTOR.** Por outra banda, sacou a licitación a compra dun vehículo tractor agrícola destinado ao arranxo e acondicionamento dos camiños do municipio que se deterioran sobre todo polas choivas.

A compra realízase co fin de mellorar o parque de maquinaria municipal, debido ao deterioro que presenta o



actual vehículo tractor agrícola de titularidade municipal co que se están desempeñando labores de limpeza de cunetas, retirada de elementos arbustivos, os desbraves, etc.

O tractor agrícola servirá para mover e traballar coa coitela que retire canas e arbustos que impiden o paso das augas polas cunetas, permitirá controlar o crecemento de árbores á beira dos camiños, servirá para facer a maior parte de traballos de acondicionamento: traballar co rodo vibrador, transporte de árido e recollida de terras sobrantes. O orzamento

de licitación da máquina é de 84.700 euros.

**LABRADA.** Ademais, tamén sacou o contrato para mellora dun camiño municipal entre los lugares de Atalaia e Cabeira, na parroquia de Labrada, de preto de dous quilómetros e medio. Así, vaise proceder á mellora do camiño proposto; actuación que serve para evitar a degradación e a deterioración ambiental e para a protección do ambiente e do espazo natural.

O obxecto do presente contrato é a mellora dos accesos para a subsanación das deficiencias existentes detectadas na xestión medioambiental do Concello de Abadín. Mellorarase unha parte da rede de comunicacións municipal, necesaria para manter os servizos públicos conectados e facilitando o acceso a diversos puntos de interese medioambiental que se atopan pola zona de actuación. A actuación ten un orzamento de 150.543 euros.



## Todo preparado para a Festa do Motor

Abadín acollerá a primeira fin de semana de xullo a terceira edición da Festa do Motor, organizada pola asociación Abadín Sobre Rodas para dar funcionamento sobre todo a eventos relacionados con todo o que leve rodas ou motor.

Nesta ocasión, o acto dividirse en dous días, o venres 5 e o sábado 6. O primeiro día dará comezo a partir das 20.00 horas cunha churrascada e festa a cargo de Dj Zalo. Terá lugar en pleno centro de Abadín, para que todos os veciños e comercios o disfruten.

O sábado ás 10.00 horas, os participantes saíran a visitar algúns lugares do concello e xa a partir das 12.00 está prevista a entrada de todos os vehículos no parque cerrado. Unha vez dentro do recinto

haberá unha sesión vermú.

Ao longo da tarde están previstas todo tipo de actividades e exhibicións relacionadas co motor. Sobre as 21.00 será a entrega de premios, ademais de varios sorteos, entre eles, un especial dun Volkswagen golf mk3 gti.

Para ir concluíndo, Rui Armada encargárase de facer unha exhibición de freestyle e xa, como broche final, desfrutarase dunha sesión de Dj.

Ademais, o domingo haberá un trackday no circuito de Pastoriza organizado por northroads club, ao cal terá acceso todo o mundo pero, a excepción dos participantes da terceira edición de Abadín sobre rodas, que desfrutarán dun desconto nas quendas dun 50%.

## A localidade volverá contar este verán cun campamento

O Concello celebrará un campamento de verán gratuíto para nenos de 3 a 14 anos entre o día 15 de xullo e o 16 de agosto. Os interesados en participar, nenos ata 14 anos, poderán anotarse ata o mércores 10 de xullo nas oficinas do Concello en horario de 10.00 a 14.00 horas. Tamén ofrecerán información no teléfono 605 349 137 (Edita).

O campamento contará con diferentes actividades ao aire libre como un paseo a cabalo, inchables na Roxica, xogos de auga, kayak, rocódromo, festa da espuma, ruta de sendeirismo, parque de aventuras e surf ademais de xogos musicais e tradicionais.

## O PP pide información do sistema antinéboa da A-8

O PP lucense pregunta no Senado a través dos seus representantes -José Manuel Balseiro, José Manuel Barreiro e Juan Carlos Serrano- a previsión do Goberno de Pedro Sánchez para implantar sobre o terreo o sistema antinéboa que foi testado para reducir os peches ou limitacións de circulación da A-8 á altura do Fiouco.

Tamén esixen explicacións sobre as garantías do sistema escollido, o orzamento destinado á súa colocación e as razóns para descartar outros estudos.

Aínda que os peches totais teñen diminuído desde que se colocaron unha serie de balizas luminosas no

ano 2022, a DXT vese obrigada con moita frecuencia a limitar as condicións de circulación por este tramo por razóns de seguridade viaria.

O Goberno de España tomou a iniciativa de promover un estudo dirixido a testar distintos sistemas antinéboa e, "a pesar de que se anunciou que o uso dun láser lateral ofrecía resultados satisfactorios, aínda non se implantou sobre o terreo", explican os populares.

Os senadores tamén preguntarán ao Goberno central a canto ascende o importe anual recadado por sancións nos radares de tramo instalados entre os puntos quilométricos en sentido a Lugo e Ribadeo.

## A finais de xullo chega o segundo Rumboia Viva

A Asociación xuvenil A Rumboia, de Abadín, celebra a segunda edición de Rumboia Viva, un festival cultural, en vista do éxito da do ano pasado. Terá lugar o sábado 27 de xullo, ás 16.00, no Campo da Feira de Gontán.

O programa conta cunha chea de actividades, como un mer-

cado de talleres de artesanía, xogos tradicionais, degustación e acampada libre. Todo isto, de balde.

Vaise poder bailar ao ritmo de todo tipo de música, desde Grande Amore, Familia Caamagno, Lontreira, Mondra, AC Andrade; así como Yaya Dj e Dj Peaboy.

**ATABERNA**

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA RACIONES  
REVUELTOS FREZAS DE VERDAD ALGO PICAR  
HAMBURGUESAS FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD  
ENSALADAS FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD  
PASTAS FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD  
RAXO PATATAS FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD  
SABOREAR FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD  
TORTILLAS FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD  
ALGO PARA COMPARTIR FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD FREZAS DE VERDAD

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

BOBECA

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS  
SUBVENCIÓNS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Tel.: 669 761 869 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

# TEMPO DE VERÁN

## A gastronomía, o centro das festas de verán

Centos de persoas percorren os concellos nos meses de xuño, xullo, agosto, setembro e incluso xa entrado o outono para desfrutar dos mellores pratos da gastronomía luguesa

A comunidade galega acolle numerosas efemérides dedicadas aos produtos gastronómicos locais

O polbo, a empanada, o viño, a oliva, a tortilla, o percebe, a carne ao caldeiro, o mel... estes son os ingredientes necesarios para pasalo ben nunha festa de verán polos distintos concellos da provincia de Lugo, desde A Mariña lucense ata a Ribeira Sacra, pasando pola Terra Chá, pola Montaña de Lugo e pola comarca de Sarria.

Os galegos, e sobre todo os lucenses, desfrutamos dunha festa cando vai acompañada de boa comida, boa música e boa compañía, e por iso existe o slogan de "E para comer, Lugo", recoñecido en Galicia e fóra dela, xa que miles de persoas veñen desfrutar da nosa gastronomía e dos nosos costumes culturais, etnográficos, sociais e, por suposto, do ámbito culinario.

A continuación, poderase consultar a información relativa aos diferentes eventos gastronómicos da provincia de Lugo segundo os meses nos que se desenvolvan.

### XUÑO

En xuño celébrase a **Festa da Cereixa, do Viño e do Aceite** en Ribas de Sil, un evento no que as persoas que participan poden degustar as cereixas e outros produtos típicos da comarca do Xeoparque Montañas do Courel, como o viño da Ribeira Sacra e o aceite, produto típico que com-

parte Ribas de Sil con Quiroga. Ademais, durante os días que se celebra, normalmente a segunda fin de semana de xuño, o municipio acolle diversas actividades para os visitantes, como exposicións artísticas, actuacións musicais, obradoiros para os máis pequenos...

### XULLO

Pola súa parte, en xullo chega a Celeiro a **XXV Festa da Merluza do Pincho**, unha cita imprescindible na época estival, xa que supón un dos eventos gastronómicos máis importantes da comarca da Mariña Lucense, que pon en valor un dos produtos de máis prestixio da gastronomía galega. Durante a iniciativa, que adoita celebrarse o segundo sábado de xullo, as persoas que se acheguen poderán desfrutar da deliciosa pescada elaborada de formas diferentes: en empanada, en caldeirada, á galega, en salsa verde, en salpicón, la especial Penalba...

Tamén en Celeiro desenvolveranse as súas grandes festas de verán, as **Festas Patronais e do Mar de Celeiro** en Viveiro durante os días 22 e 26 de xullo, nas que haberá unha ran festa da cervexa e empanada, na que haberá degustación de ámbolos dous produtos así como música durante todo día



e actividades culturais.

Pola súa banda, en Xove celébrase tamén nestas datas a Festa do Percebe, na que se poderá degustar este produto típico do mar, acompañado de boa música que chegará ao municipio para amenizar a xornada culinaria.

### AGOSTO

En agosto, as festas gastronómicas da provincia de Lugo multiplícanse, sendo o mes por excelencia da comida e a verbena. Así, os días 3 e 4 de agosto terá lugar a **XXXVIII Feira do Bonito** terá lugar o 3 e o 4 de agosto na zona portuaria de Burela, que ofrecerá o produto típico do mar Cantábrico en porcións de bonito asado á grella, de bonito cocido e outra de empanada de bonito. Ademais, durante a festa tamén haberá acompañamento musical e outras actividades culturais e concursos para que as persoas poidan participar.

Esa mesma fin de semana celebrarase a **Festa do Percebe de Rinlo**, en Ribadeo, festa na que todas as persoas que se acheguen poderán desfrutar da festa e degustación deste crustáceo mariño, mentres se desfruta da boa compañía e da música da festa. Pola súa parte, os concellos de Cervo e Barreiros compiten cada

ano por ter o mellor ovo frito, xa que ambos celebran a **Festa do Ovo Frito**, aínda que Cervo leva XVII edicións e Barreiros celebra a súa VI edición. Nesta festa, que celebran os dous concellos o mesmo día e á mesma hora, serven 1.000 racións de ovo frito por hora, acompañados de 4.500 chourizos e máis de 1.000 kg de patacas. Ademais, tamén en Barreiros, cada ano celébrase a **Festa da Tortilla en Celeiro de Mariñaos**, normalmente o terceiro sábado de agosto, dúas semanas despois da Festa do Ovo Frito. O ano pasado, na Festa da Tortilla presentáronse vinte concursantes para elaborar a mellor e máis grande tortilla nas catro categorías do concurso e destacou a elaboración dunha tortilla de 720 ovos, 100 kg de patacas e 10 kg de cebolas. Outra festa que se celebra en Barreiros en agosto, é a **Festa do Marisco**, que terá lugar a súa V edición os días 16 e 17 de agosto. Nestas mestas datas, desenvólvese todos os anos a **Festa da Carne ao Caldeiro de Remouelle**, en Ribadeo, na que as persoas que se acheguen poderán degustar do tradicional prato composto por tenreira galega cocida con pementón, acompañada da música tradicional que se elixa para amenizar a xornada ribadense.



Pola súa parte, Viveiro tamén acolle diversas festas gastronómicas durante o mes de agosto, como a **Festa do Xamón Cocido**, na que haberá degustación deste prato típico galego, así como a **Romaxe do Bo Xantar** en Viveiro, na que a gastronomía será a protagonista da romaría do Naiseiro, que na última edición comezou cunha xornada dedicada ao polbo. Finalmente, tamén se celebra a **Feira da Cervexa Artesá** a primeira fin de semana de agosto, durante a que as persoas interesadas poderán probar ata 60 tipos de cervexas artesás, ademais da cervexa local Xistral. Baixando da Mariña Lucense cara Lugo, a finais de agosto celébrase unha das festas máis recoñecidas de toda Galicia, que é a **Festa do Pemento de Mougán** en Guntín, na que miles de persoas desfrutan deste produto típico da gastronomía galega, que vén acompañado pola degustación do churrasco que se ofrece aos visitantes.

Por outra banda, en Castroverde, tamén a finais, sobre o día 20 de agosto, celébrase a **Feira da Artesanía e Gastronomía** do municipio, onde hai degustación de produtos típicos como o queixo, o viño, o pan... pero tamén acollen exhibición de coches clásicos, talla e escultura, cestería e actividades culturais. Xa na comarca de Sarria, Lán cara



**do Mel de Quiroga**, posiblemente a segunda semana de agosto, que, ademais de acoller postos de mel artesá, traerá grandes actuacións musicais durante varios días para os visitantes. Finalmente, Sober acollerá a **Feira da Rosca e Produtos da Ribeira Sacra** a segunda fin de semana de agosto, poñendo en valor a rosca, o produto gastronómico máis importante do municipio.

## SETEMBRO

As festas gastronómicas non rematan en agosto, polo que en setembro pódense atopar diversas propostas culinarias para

**Festa da Faba de Lourenzá**, unhas xornadas gastronómicas nas que adoita haber degustacións da faba conxuntamente con catas de viños de adegas do municipio, todo iso acompañado de música e actividades culturais.

## OUTUBRO

Xa en outubro, na capital da provincia, celébrase a **Feira do Mel**, na que se organiza cada ano unha cata de mel así como varios artesáns exponen os seus produtos en postos establecidos no centro de Lugo a mediados de mes. Da mesma maneira, O Valadouro tamén celebra a súa

**Muras**, que se desenvolverá o terceiro fin de semana do mes co fin de potenciar e dar a coñecer este produto, aínda que tamén se poderá degustar de maneira gratuíta os liscos, así como desfrutar de diferentes obradoiros e actuacións musicais.

Con respecto á castaña, Burela acolle todos os anos unha festa dedicada a este produto, na que todas as persoas participantes poderán desfrutar a segunda fin de semana do mes e que tamén incluírá cantos de taberna, obradoiros, xogos populares para nenos, unha gran foliada a concertos.

Aínda que non é a única, na outra punta da provincia, en Folgoso do Courel, tamén se celebra a **Festa da Castaña**, aínda que algo antes, a primeira fin de semana do mes, na que, ademais de castañas asadas, as persoas que se acheguen poderán degustar viño e desfrutar das actuacións musicais organizadas.

## DECEMBRO

As últimas festas gastronómicas da provincia de Lugo do ano celébranse en decembro, mes no que Vilalba acolle a **Feira do Capón**, unha feira anual que se celebra antes de Noite Boa, enchendo a praza da Constitución de visitantes que se achegan a desfrutar dunha festa con máis de 200 anos de antigüidade e con gran repercusión internacional, na que ademais do capón, hai actuacións musicais de grupos folclóricos galegos.



A Mariña, a  
Ribeira Sacra e a  
Montaña danlle  
á provincia  
de Lugo unha  
singularidade  
particular que a  
fai única



adoita acoller a segunda semana de agosto a **Festa da Troita**, na que as persoas interesadas en desfrutar deste produto gastronómico do río Neira poderán facelo de forma gratuíta nos establecementos dalgunhas parroquias do municipio.

Na Ribeira Sacra tamén se celebran diversas festas gastronómicas en agosto, como a **Festa da Empanada** de Chantada, que se desenvolve o último martes de agosto e na que, ademais de empanada, pódese desfrutar do viño da Ribeira Sacra, e máis actividades culturais que forman parte tamén das súas festas patronais. Ademais, este ano celébrase a edición XXXIII da **Mostra**

desfrutar da comida popular de Galicia. Así, o primeiro venres de setembro celébrase a **Festa da Troita no Corgo**, na que se ofrecen troitas e churrasco ás persoas que se achegan como parte do evento. A festa está organizada pola asociación de pescadores Ponte de Areas e con eles colaboran os concellos do Corgo, de Guntín e do Páramo. Por outra banda, o último domingo de setembro celébrase a **Feira do poldro e do gando do monte** en Muras, festa considerada de interese turístico galego na que se poderá degustar da carne vacún e cabalar. Ademais, esta mesma e última fin de semana de setembro terá lugar a

**Feira do Mel** coincidindo coa celebración da festa homónima en Lugo, a mediados de mes. Nesta, hai exposición do mel e outros produtos típicos da zona e da tempada. Aínda que tamén acolle obradoiros, música e actividades culturais.

## NOVEMBRO

Entre outubro e novembro as festas gastronómicas típicas son aquelas nas que se poñen en valor os produtos típicos da tempada, como son o mel e a castaña. Así, en novembro tamén se celebran festas do mel, como a **Feira do Mel de Montaña de**

# COLABORACIÓN

## Europa ...Onde vas?

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**O**u mellor preguntémonos cara onde queremos ir os habitantes dos distintos estados que formamos parte da Unión Europea. Plantexámonos esta cuestión logo das eleccións celebradas recentemente para escoller os representantes no Parlamento europeo de Estrasburgo. Somos case catro centos cincuenta millóns de persoas as que moramos nos catro millóns de quilómetros cadrados de superficie dos vinte e sete países que constitúen este ente supra

estatal, no que está encadrada Galicia e os galegos como parte do estado español.

Moito se ten falado, antes, durante e despois dos comicios en cuestión. A diferenza dos demais, nos que as votacións se encamiñaban a escoller alcalde, presidente da Xunta ou do goberno central, a participación foi sensiblemente inferior. Semella que segue quedando lonxe ese hemisferio no que sentan 751 homes e mulleres que son elixidos cada cinco anos e desde o cal se ditan distintas normas que marcan a vida do conxunto de cidadáns, incluídos nosoutros. Unha mágoa, porque, reiteramos, o que se decide nesa fantástica cidade francesa inflúenos e de que maneira. Nada do que alí

acontece é alleo ás nosas vidas. Simplemente unhas siglas, PAC, a Política Agraria Común, teñen unha importancia capital para o sector agrícola e gandeiro, polo tanto para o conxunto de Galicia, especialmente a nosa provincia e máis concretamente a bisbarra da Terra Chá, cómprelle estar ben atenta ás deliberacións relacionadas con dita cuestión. O reparto deses fondos, as condicións e requisitos para acceder a eles, todo iso e máis sae do que se vote no Parlamento Europeo, cámara que se constituirá tralos comicios do pasado vinte e seis de maio, celebrados en tódolos estados membros.

Ademais da política agraria, existen outros eidos nos que tamén a Unión Europea acredita unhas

competencias que a todos nos deberían interesar. Desde o control da emigración ata a defensa conxunta, ou as axudas que se reparten dentro e fóra das nosas fronteiras comúns, son temas que no vindeiro lustro se debaterán nas institucións europeas ás que pertencemos.

Pero aquí no noso territorio, diso apenas se falou, xa que na permanente campaña electoral que nos toca vivir desde hai ben tempo, políticos e medios de comunicación puxeron o foco en cuestións domésticas, que un non pretende minimizar a súa importancia, pero agradeceríase que fosen pospostos para vindeiras ocasións. Non houbo maneira e as continuas eleccións ás que fomos convocados, os resultados das mesmas e

as quinielas de pactos futuros están a marcar o guión.

E sobre os resultados dos comicios europeos, que dicimos? Pois a realidade semella cando menos inquietante. Sen cuestionar o que os electores dos diferentes estados decidiron, que é sagrado nunha democracia, non cabe dúbida que veñen tempos cheos de incerteza e con moitas incógnitas. En Francia, Alemaña, Italia e outros países obtiveron un considerable apoio forzas políticas que non están moi polo labor de continuar o legado que a Unión Europea pregoa desde os seus inicios, propoñendo medidas que xeran gran polémica. Como todo, o tempo dirá. Pero volvemos ao inicio, preguntándonos cara onde vas, Europa.

## Chegada da luz eléctrica ás aldeas de Guitiriz

### FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**A** mediados de 1960, Antonio Castro Carballeira, unha vez que se fixo cos correspondentes papeis e permisos nos ministerios madrileños, por medio do seu veciño e parente, Xosé María Díaz Castro, empezou estendendo as correspondentes liñas de alta e baixa tensión cos seus respectivos transformadores, para levar a luz eléctrica as aldeas das parroquias dos Vilares, San Salvador, Buriz e Labrada, Santa Cruz e algunhas aldeas de Trasparga. Pero, ao mesmo tempo que Antonio Castro, chegou tamén a compañía Barras Eléctricas para facerlle competencia ao vilarego, construíndo tamén o transformador que aparece na foto cerca da escola habaneira da Conchada, por detrás dun alpendre da "Feira do Sete" e que aínda hoxe se conserva; nunca funcionou, pero serviunos aos nenos da escola para xogar as escondidas. Aquello creou unha división entre os vilaregos, pois uns estaban a favor do noso veciño e unha minoría estaba a favor de Barras. Entre uns e outros veciños chegou haber mais que palabras, aínda que por

sorte o sangue non chegou ao río, pero houbo enfrontamentos que tardaron moito tempo en cicatrizar. Os dun bando desprecaban e insultaban aos do outro con alcumes de todo tipo e, como o 22 de xaneiro de 1961, o portugués Henrique Galvão e os galegos Xosé Fernández Vázquez (Comandante Jorge de Soutomaior), Xosé Velo Mosquera e outros dezanove homes, portugueses e galegos, un asturiano e un alacantino, secuestraron o transatlántico portugués Santa María na Guaira venezolana e, segundo os medios de comunicación do Estado Español o malo era o portugués (pois Franco non quería que se supera que mais da metade eran galegos, que pretendían rematar coa ditadura de Oliveira Salazar, ocultando que tamén querían acabar co franquismo), os partidarios de Antonio Castro chamábanlles piratas e Galvãos aos de Barras e incluso lle tiraban os paus das liñas.

Ao final, Antonio Castro gañoulle á poderosa Barras Eléctricas, que tivo que desistir ao non contar con suficientes clientes para que fose rendible o negocio. Antonio era un home moi humano e con moita conciencia social, ao que coñecían todos os veciños. Era un empresario que miraba mais polos clientes que polo seu negocio e algúns veciños pagaban o mínimo, porque

moitos estiveron un tempo sen contador.

Segundo Pastora Veres, no seu libro, "Lareira de soños", emigrou a Cuba, onde traballou primeiro con unha tía súa e despois nas cuadrillas que montaron o teléfono e a telegrafía na illa. Volveu para Galiza e no 1957 monta en Cambás, unha pequena central con unha turbina que logo non chegaba, polo que tivo que traer a electricidade de Irixoa, onde había unha turbina mais potente.

Daquela a instalación eléctrica nas casas era moi elemental, pois non había frigoríficos nin lavadoras e moito menos televisores; quizás algunha radio, pero maiormente cada espazo da casa contaba con unha lámpada e unha chave ou interruptor e poucas veces se poñían dúas ou máis chaves, pois daquela aínda non viñeran os conmutadores e, ás veces, o que facía de electricista tampouco contaba con mais coñecementos. Pola miña zona era o veciño, Salvador de Lagares, que aprendera algo cando estivera emigrado en Bos Aires, o que facía pequenas instalacións. Despois tamén estaban, Gonzalo Castro Carreira (de Requeixo), que logo montou a tenda de electrodomésticos "Sonymar", en Guitiriz, e Jesús Castro Martínez (Suso do Penediño), que aprenderon con Antonio Castro e remataron sendo



grandes profesionais. Eu daquela tiña once anos e para satisfacer a miña curiosidade infantil preguntáballe a Salvador como se facía aquilo e el dicíame que o mais importante era procurar que nunca se xuntaran os dous cables, que logo xa se xuntaban na lámpada onde creaban a luz. Con esta pequena explicación empecei facendo algún cortocircuíto e fundindo algúns "plomos", como lle chamábamos daquela aos fusibles, pero fun aprendendo e ao final conseguín que non se xuntaran os cables mais que na lámpada.

A mediados de 1961 agardábase como auga de maio a luz eléctrica, que poucas veces víamos algúns e outras nin sequera a viran, pero que todas e todos ansiábamos. Incluso algúns non sa-

bían de que se trataba, pois conta Luís de Patricio que o 19 de agosto estaban todos os veciños da aldea de Vilasuso mirando si viña e se poñía incandescente unha lámpada que había na fachada da casa da Solteira, cando chegou María de Rebeirecho e preguntoulles que facían alí todos xuntos; díxéronlle que estaban agardando a ver si viña a luz e a señora María díxolles: Ai! Pois debe estar chegando, pois seguro que era a señora que vin pasar polas Cubenlas, pero eu non a coñecín.

Desde aquela, grazas a Díaz Castro e ao seu parente Antonio, deixei de queimarme o pelo co candil de gas cando estudaba na mesa da cociña e acabou para min a vergoña de que me viran as cativas co pelo chamuscado.

# DEPUTACIÓN

## Adxudicado por 400.000 euros o Servizo de Teleasistencia 24 horas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación, por 380.290,80 euros, do contrato para a prestación do servizo de Teleasistencia domiciliaria as 24 horas que ofrece a institución provincial. A voceira socialista, Pilar García Porto, informou que a empresa adxudicatária é Servizos de Teleasistencia SA e a duración do contrato será de 1 ano coa posibilidade de prorrogalo de forma anual 3 veces máis, ata un máximo de 4 anos.

“Este é un dos piares da nosa rede de protección social, xunto cos centros públicos de atención ás persoas maiores e o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia”, valorou a deputada. Engadiu que grazas a este servizo, a

Deputación garante atención domiciliaria gratuíta as 24 horas, os 365 días do ano, a cerca de 2.000 veciños e veciñas dos 67 concellos da provincia que teñen dificultades na súa autonomía.

Nese sentido, apuntou que a Teleasistencia “é unha forma de favorecer a permanencia, o arraigo e a integración no entorno familiar e social destas persoas, sobre todo no rural”, porque os usuarios deste servizo e as súas familias “viven con máis tranquilidade, pois saben que contan cun sistema de chamada para recibir atención en calquera momento”.

Lembrou a deputada que a Teleasistencia consiste na instalación dun dispositivo no domicilio das persoas usuarias que permita a mobilización

de recursos ante unha situación de emerxencia e necesidade, pero tamén serve para facer seguimento ás persoas que o necesiten.

**EMPREGO PÚBLICO.** Aberto un novo proceso de selección para a contratación de empregados públicos que prestarán servizo na Deputación de Lugo de forma temporal. Concretamente, a Xunta de Goberno deste venres aprobou unha nova convocatoria e as bases específicas para a creación de catro listas de emprego temporal para desenvolver os seguintes postos de traballo: Un peón para a reparación de vías provinciais, adscrito ó Parque Móbil; un maquinista condutor; un psicólogo ou psicóloga; e un auxiliar administrativo.

## Destina preto dun millón de euros á mellora de catro estradas

A Xunta de Goberno aprobou a adxudicación de catro novas obras en estradas provinciais nos concellos de Antas de Ulla, Castro de Rei e O Saviñao cun investimento conxunto de preto dun millón de euros.

En concreto, en Antas de Ulla adxudicou á empresa Explotaciones Gallegas SL por un importe de 514.225 euros as obras de mellora que se van realizar na LU-P-0301, a vía que dá acceso ao que será o Parque Central de Galicia. O proxecto, que ten un prazo de execución de catro meses, incorpora actuacións entre os puntos quilométricos 0,3 e 3,6 e inclúe o ensanche de varios treitos, as correspondentes tarefas de drenaxe, a colocación das tubaxes correspondentes, así como a limpeza de cunetas. Tras rematar estes traballos, procederase á pavimentación



con aglomerado en quente en todo o trazado, á sinalización da vía con marcas reflexivas brancas e á renovación das sinais verticais. Ademais, tamén adxudicou por un importe que supera os 300.000 euros as obras que se van realizar en dúas estradas do concello do Saviñao. Por unha banda, adxudicouse

con preto de 230.000 euros os traballos de acondicionamento do firme LU-P-3202, a vía que comunica Monforte con Currelos. No Saviñao tamén adxudicou por preto de 80.000 euros á empresa Fevisa Vías e Obras SL a repavimentación da LU-P5810, desde a LU-P-5804 ata Ereixafeita por Cazón. O prazo de execución destes traballos é dun mes e inclúen o acondicionamento de 500 m2 de superficie mediante un dobre tratamento superficial.

A última das obras adxudicadas foi no concello de Castro de Rei por un importe de 130.000 euros á empresa TA Isidro Hermanos Blanco Trigo SL. Realizaranse na LU-P-1105, a estrada que une Ponte de Outeiro con Quintela, nun prazo de execución de 25 días e afectarán ao treito que vai dende o quilómetro 3,3 ao 6.



## A Deputación inicia as obras dun novo tramo do Cinto Comarcal

A Deputación de Lugo iniciou as obras de mellora dun novo tramo do Cinto Comarcal, na estrada LU-P-1611, que transcorre polos concellos de Friol, Outeiro de Rei e Begonte. Este proxecto, que conta cun investimento superior a 700.000€, contempla o acondicionamento dun tramo de 7 quilómetros, comprendido entre os puntos quilométricos 49 e 57.

As obras comezaron coa limpeza de cunetas e, actualmente, está en marcha a pavimentación do firme empregando aglomerado en quente. Ademais da pavimentación, o proxecto inclúe melloras no sistema de drenaxe e a instalación da sinalización correspondente, co obxectivo de garantir unha circulación máis segura e eficiente para os usuarios desta estrada de vital importancia para a comunicación nestes municipios. A Deputación mantén un com-

promiso firme coa mellora das infraestruturas viarias da provincia. Este investimento no Cinto Comarcal é parte do esforzo continuo da institución provincial por asegurar a seguridade viaria e facilitar a mobilidade dos cidadáns.

Esta actuación súmase aos máis de 3,3M€ destinados pola Deputación desde que José Tomé Roca é Presidente desta institución, o que vén a demostrar o importante esforzo investidor que está facendo o ente provincial na mellora e conservación desta estrada. É importante lembrar que o Cinto Comarcal conta con 131 quilómetros de lonxitude, e dá servizo a uns 134 mil veciños e veciñas. Polo tanto, debido as características desta vía debería ser de titularidade da Xunta de Galicia, tal e como o Presidente veu reiterando en múltiples ocasións.

## Adxudicado o material do programa Impulsa TIC

A Xunta de Goberno aprobou a adxudicación, por un importe de máis de 1 millóns de euros, do subministro e instalación de equipamento tecnolóxico para os 52 concellos adheridos ao programa Impulsa TIC. Quedou adxudicado o lote 1, dedicado ao subministro e instalación dos novos equipos informáticos da oficina de asistencia en materia de rexistro á empresa Micromedia SL por un importe de 224.763 euros; o lote 2, destinado a tabletas e o software para reco-ller a firma biométrica, á empresa Solitium SL por un importe de

91.132 euros; un terceiro lote a escáneres de mesa e o software para converter documentos en formato editable, do que tamén se encargará a empresa Solitium SL por un importe de practicamente 100.000 euros; e finalmente, un cuarto lote, para a implementación de postos intelixentes para os concellos resilientes, que neste caso, queda adxudicado á empresa Micromedia SL por un importe de 603.952 euros.

A institución puxo en marcha este programa, financiado con 4,5 millóns con fondos da Unión Europea

### COÑECE A TÚA PROVINCIA

A Deputación de Lugo arrancou a cuarta edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que se beneficiarán preto de 2.000 persoas de 80 asociacións e colectivos lucenses. Nesta cuarta tempada os usuarios e usuarias viaxarán en dúas quendas que permitirán coñecer a provincia en veráns ata o 19 de xullo, e en outono, de setembro a outubro.



## DEPORTES

## EN BREVE



**LOITA.** Nos campionatos de España Sénior de loitas olímpicas destacaron por Vilalba Catriel Pehuén en menos de 125 kg, que gañou 3 combates tendo que retirarse en semifinais no pase á final por molestias no cóbado, aínda así acadou o bronce para o equipo galego. Ramón Monasterio tamén acadou un prezado bronce para Galicia en menos de 97 kg. Xiao Seoane en menos de 65 kg, sendo júnior participou por primeira vez nun campionato de España facéndoo na categoría sénior, onde acadou o décimo posto.



**PÁDEL.** A Asociación de Comerciantes e Empresarios da Pastoriza celebrou a segunda edición do Torneo de Pádel. O primeiro posto da categoría masculina foi para a parella formada por Diego e Martín e na feminina Aroa e Carolina gañaron. En segundo lugar quedaron, respectivamente, Iria e Sara e Verdejo e Ramiro. Os gañadores recibiron un premio en metálico ademais de agasallos consistentes en queixo, viño e chourizos.



**FÚTBOL.** As Pontes recibiu a máis de setenta persoas vinculadas aos históricos equipos de fútbol da vila na que foi a II Xuntanza de Xogadores, Adestradores e Directivos do Primeiro Equipo do CF Calvo Sotelo, CD Endesa e CD As Pontes. Entregouse a Insignia de Ouro do club a José A. Pena, un dos organizadores e eterno delegado de equipo do CD As Pontes.

## Convocada unha nova edición do Volante Deputación

A Vicepresidencia da Deputación impulsa un ano máis o Volante Deputación, un programa formativo e deportivo que ofrece a pilotos noveis a oportunidade de iniciarse na competición automobilística. A décimo terceira edición desta cita celebrarase o 13 e 14 de xullo no circuíto da Pastoriza, o único oficial destas características no territorio da provincia. A inscrición faise enviando a folia de inscrición ata o 11 de xullo ao enderezo electrónico piloto@pt-cescuela.com.

O programa, con 160 prazas, mantén o formato das edicións anteriores, cunha parte formativa na que as persoas participantes reciben un curso de condución para igualar e equilibrar os coñecementos entre uns e outros, e outra puramente competitiva, cunha proba cronometrada da que sae o vencedor do Volante Deputación de Lugo, que recibe como premio a participación como piloto titular no Rally San Froilán 2024, dentro da estrutura do equipo de competición PTC.

## Uns 300 deportistas participarán en Muras no Trail das Bestas

Muras acollerá o domingo 7 de xullo a sétima edición do Trail das Bestas, que este ano se estrea como Campionato Galego de Maratón e que ofrecerá tres modalidades de participación -42km, 27km e 12 km - e unha andaina, tamén de 12km.

O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro, o alcalde de Muras Manuel Requeixo e a tenente de alcalde Paula Gómez presentaron a proba organizada polo Concello coa colaboración da Deputación de Lugo (a través do Plan Deputación) e na que se agarda a participación de 300 deportistas.

A Serra do Xistral e as ribeiras do Eume son o escenario desta carreira de montaña, con percorridos deseñados para poñer en valor ese espazo natural emblemático, especialmente nas probas de distancias menores. Considerada xa unha referencia no calendario galego, reforza o súa dimensión competitiva tanto en maratón como nas probas de 27 km e 12km, que puntuarán para as distancias clásica e minitrail.



O coordinador da proba Pablo López animou a participar e sinalou que “o recoñecemento como Campionato Galego de Trail Maratón permitirá que veña máis xente, ademais de que é moi especial que os mellores atletas galegos desta disciplina estean en Muras e os poidamos ver”. O punto de saída e chegada da proba estará na área recreativa da Veiga, que contará con todos os servizos para as persoas participantes e acompañantes, con espazo dispoñible para aparcamento de turismos e caravanas, duchas e piscina. As ins-

cricións poden realizarse en traildasbestas.com.

O programa do Trail das Bestas inclúe tamén charlas divulgativas sobre as oportunidades que ofrecer o Xistral para a organización de actividades ao aire libre, a cargo de Inma Pumariño, acreditada deportista de montaña, espeleoloxía, barranquismo e kaiak e Pablo López, corredor de aventura, orientación, btt e organizador de probas deportivas. As charlas celebraranse no local social do Concello na xornada previa (o 6 de xullo) de 18.00 a 20.00 horas.

### EN BREVE

**ANDAINA POPULAR.** O Concello da Pastoriza, xunto coa Asociación de Comerciantes e Empresarios da Pastoriza, organizan a primeira carreira popular e andaina da localidade. Terá lugar o 14 de xullo, en horario de mañá. Comezaran os máis pequenos ás 11.00 horas e, media hora máis tarde, será a andaina. Ás 11.30 h será a quenda dos adultos, que pecharán o programa.

**FÚTBOL 3X3.** A asociación A Rumboia de Abadín organiza na localidade o III Torneo Fútbol 3x3, que se desenvolverá o 13 e 14 de xullo. O torneo terá lugar na área recreativa A Roxica, en Gontán, na que o membros da asociación estiveron traballando para axudar no seu arranxo. Haberá tres premios económicos para os tres primeiros equipos clasificados, que non poderán estar formados por máis de 5 xogadores. Estes serán de 300, 150 e 75 euros. Haberá música e arrozada.

**FÚTBOL SALA.** Abriu o prazo de en Guitiriz para a preinscrición de novas matrículas nas Escolas Deportivas de Fútbol Sala de cara ao curso 2024/2025. As persoas interesadas poderán anotarse ata o venres 12 de xullo a través da sede electrónica municipal ou ben de forma presencial no Rexistro da casa do concello.



## 10 equipos participaron nas Pontes na primeira Carreira Greenpower

A I Carreira Greenpower de Galicia reuniu no circuíto de karting das Pontes, a 10 equipos de Galicia, Asturias, Cantabria e de Madrid. O campionato estivo organizado pola Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF), baixo o paraguas do Campus Industrial da Universidade da Coruña e en colaboración con As Pontes Motorsport.

O Team Cantabria Fuente Fresnedo de Laredo foi o gañador desta carreira na categoría F24+ (de 16 a 25 anos). O segundo premio foi para Abrente Gp, do IES O Ribeiro de Ribadavia e o terceiro para Kastrotro Sport Team do IES Plurilingüe

Castro da Uz das Pontes.

A categoría F24 (de 11 a 16 anos) tamén estivo liderada polo Team Cantabria Fuente Fresnedo de Laredo.

O segundo posto foi para Tajamar - Black Sparks do Colegio Tajamar de Puente de Vallecas de Madrid e o terceiro para Comet Gen da Asociación Llume Yerbata de Bimenes, en Asturias.

O equipo EPEF Racing Team, integrado por estudantes de grao e mestrado da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF) acadaron a mención Best Engineered Kit Car na carreira.

# O Vilalbés B ascende nunha sesión enturbiada por unha gran liorta

Cunha suspensión e á espera da decisión da Federación de Fútbol. Así rematou o partido da volta dos play off de ascenso á Primeira entre o Vilalbés B e o San Ciprián cando os primeiros tiñan o pase á seguinte categoría xa na man.

Logo dun partido de ida no que remataron sen goles, os dous equipos enfrontáronse en Cospeito, campo no que o Vilalbés B disputou case toda a segunda tempada. O equipo local comezou gañando o partido e levándose unha ampla vantaxe, xa que foi por diante no marcador.

Lograron abrir fenda os verdivermellos con dous goles antes do descanso. Achegáronse os visitantes, pero xusto antes do final o Vilalbés volveu marcar. Foi aí cando unha discusión entre dous rivais acabou cunha agresión. A partir de aí o numeroso público que asistiu para celebrar o ascenso, entre o que se atopaban moitos xuvenís, acabou cunha liorta na que tivo que intervir a Garda Civil.

Aínda que só houbo que lamentar un ferido, o xogador agredido, houbo moito intercambio de golpes e moita tensión entre todos os que intentaron poñer paz entre os que se enfrontaban.

Como conclusión, e dado que o público invadiu o campo acabando coa seguridade do enfrontamento, o ár-

bitro decidiu a suspensión do duelo co marcador en 3-1 polo que o Vilalbés B no puido celebrar o ascenso. Días máis tarde, a Real Federación Galega de Fútbol fixo públicas as sancións.

O xogador xuvenil do Vilalbés B Carlos López, de 17 anos, foi sancionado con 15 partidos pola agresión e cunha multa de 75 euros.

O agredido, Rodrigo Pereira, do San Ciprián tamén recibiu unha sanción de 4 partidos por agredir a outro xogador e tamén deberá pagar 20 euros.

Por outra banda, os dous clubs foron sancionados cunha multa de 300 euros e a clausura das instalacións deportivas polo que deberán xogar os partidos a porta pechada.



## O PM Friol B feminino gaña a Copa Deputación

Despois dun ano no que o equipo B do PM Friol non conseguiu conservar a categoría e irá a Segunda o ano que vén, resarciuse levándose na noite do domingo a Copa Deputación no partido que disputou

ante o Antas no campo neutral dos Chacotes. As friolesas gañaron por 3-1 sendo superiores no xogo pero coa dificultade engadida dun gran número de baixas e amparadas por un numeroso público.

### TEMPO DE MARATÓNS

**FÚTBOL 7.** O CD Castro organiza a primeira fin de semana de xullo o terceiro torneo de fútbol 7 no anexo Arturo Pereira os días 5, 6 e 7 de xullo e contarán con servizo de bar e bocadillos. O prezo da inscrición é de 150 euros, con seguro incluído, e haberá un máximo de 36 equipos con 12 xogadores por equipo como máximo. O primeiro premio constará de 1500 puntos, o segundo serán 400 puntos e o terceiro e cuarto 250 puntos. Os catro primeiros clasificados recibirán un trofeo.

**BEGONTE.** O Concello de Begonte FS organiza un maratón de fútbol sala para as categorías masculina e feminina para comezar xullo no pavillón de Baamonde. A que é a VIII edición desta cita establece unha categoría masculina con premio económico para os catro primeiros (entre 1.000 e 200 puntos). Haberá trofeo tamén para o mellor xogador, o mellor porteiro e o mellor quinteto. O montante dos premios estará en función do recadado. Ademais, o venres á tarde terá lugar tamén un campionato de tute. Unha vez que remate este comezará a competición futbolística. Tamén hai competición feminina, que establece dous premios de 400 e 150 puntos, que variaría se non se chega ao mínimo de 8 equipos para o torneo. Tamén haberá trofeo para o mellor xogador,

o mellor porteiro e o mellor quinteto.

**GUITIRIZ.** O polideportivo Jonathan Carro acollerá os días 12, 13 e 14 de xullo o IV Maratón de fútbol Sala Guitiriz-Vila Termal, que dará comezo o venres e rematará o domingo. O prazo de inscrición para participar remata o mércores 11 deste mesmo mes. Esta debe facerse a través dos teléfonos 676 547 454 ou 660 404 197 previo ingreso da cota que é de 150 puntos para o masculino e 50 para o feminino. Recibirán un premio económico os catro primeiros clasificados, ademais dun trofeo auxiliar para o mellor equipo do Concello, así como para o mellor porteiro e xogador. Os premios serán entre mil e 150 euros dependendo da súa posición. Na feminina os premios serán para os dous mellores equipos, así como para a mellor porteira e xogadora.

**RÁBADE.** Outro ano máis, e xa son 8, o Insuas do Miño Rábade FS organizará o Maratón de fútbol sala de Rábade, os días 26, 27 e 28 de xullo, ao que están invitados a participar todos os equipos que o desexen. Para informarse ou inscribirse poden poñerse en contacto con Alfonso (627 078 658) ou Antón (626 194 335). Voltarase, ademais, co xa tradicional torneo de tute.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ABADÍN**  
Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

**A PASTORIZA**  
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

**AS PONTES**  
Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

**BEGONTE**  
Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

**CASTRO DE REI**  
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

**COspeito**  
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

**FRIOL**  
Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa 982 37 10 05

**GUITIRIZ**  
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

**MEIRA**  
Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

**MURAS**  
Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

**OUTEIRO DE REI**  
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

**POL**  
Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

**RÁBADE**  
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**VILALBA**  
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

**XERMADE**  
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)



### TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112  
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085  
Garda Civil: 062



# TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507

## DE RUTA EN RUTA

# Xermade: Ruta do río Trimaz

O percorrido discorre durante máis de 6 quilómetros pola ribeira e atravesa varios bosques de carballos centenarios

**A**ruta, que parte do barrio de Chao de Santa Mariña de Cabreiros, avanza desde a praia fluvial ata a coñecida Ponche de Bexín, situada no límite con Roupar.

No seu percorrido, discorre durante máis de seis quilómetros á beira do río Trimaz e atravesa varios bosques de carballos centenarios, concretamente os de Carballosa e Penachaiña.

O río Trimaz é un río que nace nos montes de Xermade e no seu curso alto atópase a lagoa ou charca do Alligal, entre as parroquias de Codesido e Santaballa, pertencentes ao concello de Vilalba. A unión do río Trimaz e o río Madalena, no lugar dos Pasos, no municipio de Vilalba, dan lugar ao río Ladra, polo que ambos son as súas fontes.

Comezamos o percorrido coa saída do Chao, en Cabreiros, desde a musealización da antiga Igrexa Parroquial de Santa Mariña de Cabreiros, onde se atopan os arcos e outros elementos da antiga igrexa, para seguir ata atopar o río Trimaz na Ponte da Acea, preto da área recreativa do mesmo nome e



do campo de fútbol. Desprazámonos río arriba pola marxe esquerda, superando o Rego Chancelos ou Portosouto. Bordeando o río entre vexetación autóctona chegamos á ponte de Isabel II, construída en tempo da raíña, no ano 1863, para salvar o río ao paso da estrada Rábade-Ferrol. Preto atopamos a ponte sobre a estrada no seu novo trazado e seguindo río arriba pasamos por debaixo da autovía AG-64 Ferrol-Vilalba, vemos o antigo muíño da madeira, rehabilitado, e sobre a ponte da madeira cambiamos de lado para seguir subindo polo río ata a presa do Feal.

Presas e pontes humanizan o río acompañadas de árbores de ribeira. Atopamos a ponte do Aruxo, Portonovo, ponte e presa dos Carregás ata chegar á ponte Baxín, onde nos separamos do río Trimaz. Dirixímonos deixando atrás as frondosas fragas de Penachaiña, nas que se observa a actuación na procura de alimentos dos animais salvaxes que

viven na contorna, como xabaris ou corzos. Por antigos camiños volvemos preto do Portonovo e ao atopar a estrada Chao-Cabreiros buscamos o leito do Rego dos Caxigás para seguir pola marxe dereita. Veremos alí o antigo muíño de Cabreiros, unha ponte de pedra e logo o muíño do Ferreiro, que ademais do edificio conserva unha antiga moa.

Bordeando a canle do muíño seguimos cara arriba e desvíamonos polo Camiño vello da Carballosa, desfrutando da vistsidade das fragas do San Vitorio ou Carballosa. Chegando á cima iniciamos a baixada ao longo do monte do Espiño para buscar a fonte da Santa Mariña, na que, segundo conta a lenda, foi martirizada a Santa brotando tres mananciais onde caeu a súa cabeza ao ser decapitada. Achegámonos cara o punto de partida para visitar o impresionante castro que conserva os vestixios do Xermade galaico-romano por proceder a súa construción da primeira época romana, cando a par-



tir da invasión cambiaron os hábitos tradicionais dos habitantes dos castros en altura para baixar a cotas máis levadeiras e próximos a zonas aptas para o cultivo e o traballo da terra, iniciándose na

agricultura e no coidado de animais domesticados. Atopamos de novo a autovía AG-64 para chegar ó núcleo do Chao, onde iniciamos a ruta pola parroquia despois de percorrer 14,5 km.

## DATOS



4 horas



14,5 quilómetros



Dificultade baixa



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

## Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05